

2 Mercado de traballo e relacións laborais

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

2.1. Actividade, ocupación e desemprego


Unha crise sanitaria como a orixinada en China en decembro de 2019 e que se estendeu ao longo de todo o mundo, aínda que de maneira asimétrica, ten o seu principal impacto na saúde. Deixando a un lado esta incidencia, a súa repercusión negativa no mercado de traballo é a principal vía de transmisión desta crise á sociedade, ao seren o lugar onde repercuten todos os problemas económicos sobre os ingresos e o nivel de vida dos fogares. As restricións de mobilidade e a paralización ou limitacións da actividade produtiva repercutiron directamente na oferta de traballo e no tecido empresarial.

Antes de analizar a evolución dos grandes agregados do mercado de traballo en Galicia ao longo do ano 2020, cómpre mencionar que a obtención dos datos e a súa interpretación estiveron condicionados tanto polas restricións de mobilidade como polas medidas políticas adoptadas. Así, os traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) consecuencia da covid-19 clasifícanse como ocupados no caso de existiren unha garantía de reincorporación ao seu posto de traballo; doutra banda, as limitacións de mobilidade e o cese de moitas acti-


vidades restrinxe a procura activa de emprego e a dispoñibilidade para traballar, o que determina que unha persoa non se clasifique como parada senón como inactiva segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA). É por isto que é importante ter en conta este ano indicadores como as horas efectivamente traballadas ou o traballo equivalente a tempo completo que reflicten en maior medida o axuste no emprego.

A análise do mercado de traballo céntrase fundamentalmente nos datos de variación interanuais, xa que nun contexto de dinámicas de crises e recuperación tan rápidas e intensas como as de 2020, as variacións dun trimestre respecto ao trimestre anterior non son un bo indicador. A diferenza do acontecido noutras crises económicas, a caída do PIB no conxunto do ano 2020 tradúcese, con carácter xeral, nunha destrución de emprego de menor intensidade. Así, a contracción do PIB nun 8,9% trasládase ao mercado de traballo onde a poboación ocupada e as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social descenden un 1,9% e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 8%. Tan só o número medio de horas efectivamente traballadas


Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2019-20. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE, Enquisa poboación activa



Fonte: IGE, Contas económicas



Fonte: IGE, Afiliación á Seguridade Social



Fonte: IGE, Enquisa poboación activa e Demandas de emprego e colocacións

Fonte: IGE

2.1.1.

reflectido na EPA, ou o número de horas traballadas segundo as contas económicas presentan unha caída superior á da actividade económica, ao reducirse un 9,8% e 10,7% respecto ao ano anterior, respectivamente.

Os datos de poboación desempregada reflicten un incremento tanto da poboación parada como do paro rexistrado nas oficinas do Servizo Público do Emprego, sendo este último máis significativo. No conxunto do ano 2020 a poboación parada estimada pola EPA aumenta un 0,5% (poboación inactiva medra un 2,2% fronte ao 0,3% no ano anterior), porcentaxe moi inferior ao que indica o incremento do desemprego rexistrado no Servizo Público de Emprego (10,7%).

Antes de analizar os principais datos da ocupación e o desemprego cómpre mencionar a importancia dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE),

que constitúen o principal mecanismo de protección ante a covid-19 para as persoas traballadoras por conta allea. Segundo os datos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones, a 31 de decembro de 2020 había un total de 33.772 persoas protexidas por estes expedientes e o número de empresas (contas de cotización) era de 10.933. Loxicamente, as cifras máis elevadas rexístranse nos meses de abril e maio, con 165.038 e 135.630 persoas protexidas no último día do mes, superando as 31.500 empresas con ERTE a finais de maio.

No que á protección das persoas traballadoras autónomss se refire, a 31 de decembro de 2020 o número de solicitudes extraordinarias para autónomos presentadas en Galicia ascendeu a 24.769, das que o 82,2% foron resoltas favorablemente. Entre maio e setembro as solicitudes presentadas superaron as 88.500 solicitudes,

Mercado de traballo 2008-20: principais indicadores

	2008	2013	2019	2020	19/08	20/19					
						Total	1 trim.	2 trim.	3 trim.	4 trim.	
	(en miles de persoas)				(%)			(%)			
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	913,8	1.015,3	996,0	-7,1	-1,9	0,1	-3,8	-2,4	-1,4	
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.382,3	2.335,3	2.339,0	-2,6	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	
Poboación activa	1.314,8	1.290,9	1.241,1	1.220,9	-7,1	-1,6	0,5	-3,7	-1,7	-1,5	
Poboación ocupada	1.201,2	1.006,4	1.095,2	1.074,2	-10,6	-1,9	0,3	-4,4	-2,1	-1,4	
Poboación parada	113,6	284,6	145,9	146,7	29,1	0,5	1,9	1,5	0,9	-2,2	
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	100,2	45,6	35,5	141,9	-22,1	-13,5	-27,5	-24,6	-23,7	
Poboación inactiva	1.086,3	1.091,4	1.094,2	1.118,1	2,9	2,2	-0,1	4,6	2,3	1,9	
	(%)					(puntos porcentuais)					
Taxa de actividade	54,8	54,2	53,1	52,2	-2,6	-0,9	0,1	-2,1	-1,0	-0,8	
Taxa de ocupación	50,0	42,2	46,9	45,9	-4,1	-1,0	0,0	-2,2	-1,1	-0,7	
Taxa de paro	8,6	22,0	11,8	12,0	3,4	0,2	0,2	0,6	0,3	-0,1	
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	49,9	28,0	33,2	12,1	5,2	-3,4	7,5	10,4	6,2	
Taxa de temporalidade (%)	30,4	22,8	26,5	24,0	-6,4	-2,5	-0,8	-4,6	-2,8	-1,7	
	(en miles de persoas)					(%)					
Paro rexistrado	162,5	276,0	163,2	180,3	10,9	10,4	-2,1	17,6	14,5	12,7	
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,6	47,3	36,1	-22,2	-23,6	-6,6	-51,2	-19,2	-22,1	
Contratos iniciais temporais	706,1	690,6	995,8	680,4	-3,6	-31,7	-7,3	-61,7	-28,3	-27,3	
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	22,3	43,2	32,7	-21,5	-24,3	10,5	-54,6	-23,5	-27,0	

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.2.

acadando o máximo anual en xuño con 90.423 solicitudes, das que o 97,1% foro resoltas favorablemente.

Afiliacións á Seguridade Social

A crise sanitaria da covid-19 provoca que o número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia experimente unha caída por primeira vez dende o comezo da recuperación económica. No conxunto do ano 2020 o número medio de afiliacións para o total do sistema descende ata as 996.000 persoas, o que supón unha redución de 19.200 afiliacións en relación á media do ano anterior (-1,9%). O conxunto do Estado, por mor do desigual impacto da covid-19 nas distintas ramas de actividade, presenta unha caída interanual tres décimas superior (-2,2%), descendendo o número medio de afiliacións ata as 18.767.100 persoas. Tras esta evolución, as afiliacións en Galicia representan o 5,3% do total estatal.

A devandita caída das afiliacións prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo esta máis acusada entre os homes. No conxunto do ano 2020 as afiliacións descendieron un 2,3% entre os homes

(12.000 afiliacións menos) fronte ao 1,5% no caso das mulleres (7.200 afiliacións menos).

Atendendo á evolución mensual das afiliacións no último día de cada mes, o **cadro 2.1.3.** e o **gráfico 2.1.4.** reflicten o seu forte descenso en marzo e abril como consecuencia das seis semanas de confinamento tras a declaración do estado de alarma o 14 de marzo. Así, o mes de marzo remata con 32.353 afiliacións menos que en febreiro, descendendo en 10.300 persoas no mes de abril. Tras esta caída, o número de afiliacións sitúase lixeiramente por riba do rexistrado no mesmo mes do ano 2017. Entre os meses de abril e outubro o número de persoas afiliadas aumenta en relación ao mes anterior, aínda que por regra xeral mantense por baixo do nivel acadado en 2018, en tanto que descende nos meses de novembro e decembro, tras a aprobación de novas restricións de mobilidade o 25 de outubro.

O descenso interanual do número medio de afiliacións á S.S. rexistrouse nas catro provincias galegas, presentando A Coruña a maior caída tanto en termos absolutos como relativos, con 9.100 afiliacións menos (-2,1%). En Pontevedra esta redución situouse en torno as 5.800

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-20 (1)


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2013	917,4	391,2	114,8	98,0	313,4	16.227,7	5,7
2019	1.015,3	434,8	122,8	102,7	355,0	19.189,2	5,3
2020	996,0	425,7	120,2	100,9	349,2	18.767,1	5,3
xaneiro	1.003,6	430,7	120,5	101,5	350,9	19.041,6	5,3
febreiro	1.012,4	435,0	121,2	102,2	354,0	19.279,4	5,3
marzo	980,1	421,4	119,0	99,6	340,1	18.445,4	5,3
abril	969,8	416,3	117,7	98,6	337,2	18.396,4	5,3
maio	979,5	419,2	118,6	99,3	342,4	18.584,2	5,3
xuño	985,8	419,9	119,3	100,1	346,5	18.484,3	5,3
xullo	1.004,7	426,8	121,7	101,6	354,6	18.673,8	5,4
agosto	1.005,1	426,2	121,6	102,2	355,1	18.591,3	5,4
setembro	1.005,1	428,3	121,4	102,3	353,1	18.843,7	5,3
outubro	1.012,7	432,1	121,5	102,4	356,7	18.986,3	5,3
novembro	1.003,6	428,9	120,2	101,1	353,4	18.974,5	5,3
decembro	989,9	423,7	119,6	100,3	346,4	18.904,9	5,2

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(taxas de variación interanual)					
2020/2008	-7,1	-4,5	-9,7	-9,4	-8,6	-1,3
2020/2019	-1,9	-2,1	-2,1	-1,7	-1,6	-2,2
xaneiro	1,3	1,4	0,2	0,9	1,7	1,7
febreiro	1,6	1,6	0,5	1,1	2,1	2,3
marzo	-2,6	-2,6	-2,3	-1,9	-3,1	-3,4
abril	-3,9	-4,0	-3,7	-2,9	-4,1	-4,1
maio	-3,5	-3,7	-3,4	-3,0	-3,5	-3,8
xuño	-3,9	-4,1	-3,8	-3,2	-3,7	-5,0
xullo	-2,8	-3,0	-3,0	-2,6	-2,7	-3,2
agosto	-2,8	-3,2	-3,2	-2,1	-2,4	-3,4
setembro	-1,6	-1,8	-2,0	-1,6	-1,2	-2,0
outubro	-0,4	-1,0	-0,8	-0,5	0,5	-1,0
novembro	-2,1	-2,5	-2,0	-2,4	-1,5	-2,3
decembro	-1,8	-1,9	-1,8	-2,2	-1,4	-1,9

(1) datos anuais: en medias anuais
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.3.


Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2016-2020



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

Afiliacións á Seguridade Social segundo réximes, sexo e grupos quinquenais de idade 2020



Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.5.

persoas, o que representa un descenso do 1,6%. Como amosa o devandito **cadro 2.1.3.**, na provincia de Lugo as afiliacións descendieron un 2,1% e en Ourense, un 1,7%. Tendo en conta esta evolución, A Coruña e Pontevedra concentran o 77,8% das afiliacións totais rexistradas en Galicia en 2020.

Como reflicte o **gráfico 2.1.5.**, o devandito descenso interanual prodúcese entre os homes e as mulleres, rexistrando A Coruña e Ourense os maiores diferenciais entre ambas caídas. Dunha banda, as afiliacións entre os homes descenden na Coruña un 2,7% fronte ao 1,5% nas afiliacións das mulleres; doutra banda, en Ourense as afiliacións redúcense un 2,2% e 1,2% entre os homes e as mulleres, respectivamente.

No último ano o número de persoas afiliadas reduciuse nos sete grandes concellos de Galicia (zona densamente poboada). Ferrol rexistrou o descenso máis acusado en termos relativos, cun 3,9% menos que en 2019, seguido de Santiago de Compostela, cunha caída do 2,3%. No extremo oposto, Pontevedra e Vigo presentan un descenso interanual do 1,7%. Atendendo á súa distribución segundo sexo, os sete concellos presentan unha caída do número de persoas afiliadas superior no caso dos homes que no das mulleres, salientando a caída do 6% entre os homes no caso de

Ferrol (-1,9% entre as mulleres) e de Santiago de Compostela entre as mulleres, cun 2,1% menos que no ano anterior (-2,6% no caso dos homes).

Se se consideran as zonas intermedias e as zonas pouco poboadas de Galicia, a caída do número de persoas afiliadas rexistrado no conxunto do ano 2020 entre os homes é superior á das mulleres, presentando o diferencial máis acusado as denominadas zonas intermedias de poboación baixa, dado que a caída das afiliacións entre os homes foi do 3% e a das mulleres do 1,7%. O conxunto das zonas pouco poboadas (ZPP) e as zonas intermedias (ZIP) experimentan unha caída interanual do número de persoas afiliadas do 2,4%, se ben mentres que a caída dos homes foi superior nas ZIP (2,4% e 2,9% menos, respectivamente) no caso das mulleres a caída é máis intensa nas ZPP (2,3% e 1,8%).

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas no conxunto do ano 2020, reducíronse un 1,8% en relación á media do ano anterior, acadando as 773.005 persoas afiliadas (**cadro 2.1.6.**). As afiliacións ao réxime especial de autónomos continúa descendendo no ano 2020, presentando unha caída inferior ao do réxime xeral. En 2020 Galicia contaba con 207.790 afiliacións, o 20,8% do total, o que supón unha caída interanual do 1,2%. O réxime especial do mar,

Afiados en alta laboral na Seguridade Social 2008-20 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	2008	2013 (2)	2019	2020	20/19
					(%)
Total	1.077.918	917.355	1.018.792	1.001.310	-1,7
Réxime Xeral (2)	790.747	681.384	787.270	773.005	-1,8
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	649.550	755.223	741.987	-1,8
S.E. Agrario	-	4.455	5.753	5.799	0,8
S.E.E. Fogar	-	27.379	26.294	25.219	-4,1
Réxime Especial Autónomos	236.669	213.870	210.420	207.790	-1,2
non S.E.T.A	-	182.686	186.821	185.248	-0,8
S.E.T.A	-	31.184	23.600	22.542	-4,5
Réxime Especial Agrario	4.480	-	-	-	-
conta allea	4.480	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	22.100	21.102	20.515	-2,8
conta allea	14.385	12.469	11.714	11.252	-3,9
conta propia	11.178	9.632	9.387	9.263	-1,3
Réxime Minería e Carbón	41	-	-	-	-
Réxime Especial Empregados Fogar	20.417	-	-	-	-
Continuos	12.332	-	-	-	-
Discontinuos	8.086	-	-	-	-

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

2.1.6.

tras unha caída media anual do 2,8%, acolle un total de 20.515 afiliacións, o 2% do total das afiliacións galegas.

En España o comportamento das afiliacións é peor que en Galicia na meirande parte dos réximes agás no caso do RE de autónomos e no réxime xeral agrario. Dunha banda, o número total de afiliacións ao réxime xeral redúcese en España un 2,6% respecto ao ano anterior; doutra banda, as afiliacións ao réxime especial de autónomos descenden un 0,3%, nove décimas menos que en Galicia. O Réxime agrario experimenta en España unha caída do 2,3% das afiliacións, o que contrasta co incremento do 0,8% rexistrado na Comunidade autónoma. Por último, as afiliacións ao RE do mar reducíronse no último ano un 4,5% no conxunto do Estado.

A análise das afiliacións segundo sector de actividade amosa que os catro grandes sectores de actividade presentan no conxunto do ano 2020 unha caída do número de afiliacións. A máis acusada en termos relativos rexístrase na construción, cun descenso interanual do 3,6%, situándose no 2,1% no sector primario e no 2% no conxunto do sector servizos, en tanto que o sector industrial presenta unha redución do 1,3%. Tras esta evolución, o

71,9% corresponden a actividades do sector terciario, situándose a continuación o sector industrial, co 14,4%; a construción co 7,5%; e as actividades relacionadas co sector agrario, forestal e a pesca, cun 5,8%.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, as 14 ramas que en 2020 teñen máis de 20.000 afiliacións acollen o 63,3% da afiliación en Galicia, porcentaxe similar á do ano anterior. O “comercio ao retalho, salvo reparación de vehículos de motor e motocicletas” (CNAE 47) mantense como a rama cun maior número de afiliacións, con 104.476 afiliacións no último ano (10,5% do total galego), situándose neste último ano as actividades sanitarias (CNAE 86), con 64.265 afiliacións (6,5%), por diante dos servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), que conta con 62.451 afiliacións (6,3%).

Non obstante, a crise sanitaria incidiu de maneira moi desigual entre as distintas ramas de actividade, sendo necesario afondar nesta análise desagregada. Segundo amosa o **cadro 2.1.7.**, para o conxunto do ano 2020 as caídas de afiliacións máis acusadas en termos absolutos corresponden ás ramas de servizos de comidas e bebi-

Afiliacións á Seguridade Social 2019-20: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	106.649	10,5	104.476	10,5	-2,0	-2.173
86 Actividades sanitarias	62.323	6,1	64.265	6,5	3,1	1.942
56 Servizos de comidas e bebidas	69.029	6,8	62.451	6,3	-9,5	-6.578
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.095	5,6	57.290	5,8	0,3	195
85 Educación	49.253	4,9	50.144	5,0	1,8	891
43 Actividades de construción especializada	49.477	4,9	47.755	4,8	-3,5	-1.722
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.485	4,8	47.605	4,8	-1,8	-880
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	36.104	3,6	35.286	3,5	-2,3	-818
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.164	3,3	32.633	3,3	-1,6	-531
10 Industria da alimentación	30.388	3,0	30.229	3,0	-0,5	-159
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	27.506	2,7	28.027	2,8	1,9	521
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	26.695	2,6	25.612	2,6	-4,1	-1.083
41 Construción de edificios	24.159	2,4	23.458	2,4	-2,9	-701
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.270	2,2	21.732	2,2	-2,4	-538
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	642.597	63,3	630.963	63,3	-1,8	-11.634
Total	1.015.254	100	996.026	100	-1,9	-19.228

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	69.029	6,8	62.451	6,3	-9,5	-6.578
78 Actividades relacionadas co emprego	12.116	1,2	9.660	1,0	-20,3	-2.456
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	106.649	10,5	104.476	10,5	-2,0	-2.173
55 Servizos de aloxamento	10.299	1,0	8.486	0,9	-17,6	-1.813
43 Actividades de construción especializada	49.477	4,9	47.755	4,8	-3,5	-1.722

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
86 Actividades sanitarias	62.323	6,1	64.265	6,5	3,1	1.942
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.894	1,5	16.669	1,7	11,9	1.775
85 Educación	49.253	4,9	50.144	5,0	1,8	891
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	11.260	1,1	11.998	1,2	6,6	738
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	27.506	2,7	28.027	2,8	1,9	521

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social


2.1.7.

das (CNAE 56), con 6.578 afiliacións menos respecto ao ano anterior, actividades relacionadas co emprego (CNAE 78), con 2.456 afiliacións menos, e o comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), con 2.173 afiliacións menos. A continuación situaríanse as actividades de servizos de aloxamento (CNAE 55) e actividades de construción especializada (CNAE 43), con 1.813 e 1.722 afiliacións menos respectivamente. En termos relativos cómpre mencionar a caída do 20,3% no caso das actividades relacionadas co emprego e do 17,6% no dos servizos de aloxamento,

así como o 9,9% (807 afiliacións menos) experimentado no caso das outras actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 74) ou o 9,5% no caso dos servizos de comidas e bebidas.

Por contra, a rama de actividade que experimentou o maior crecemento foi a sanitaria (CNAE 86), cunha medra de 1.942 afiliacións máis que no conxunto do ano anterior, por diante da fabricación de vehículos de motor (CNAE 29) e a educación (CNAE 85), con 1.775 e 891 afiliacións máis, respectivamente. Asemade, cómpre des-

Evolución das afiliacións nos subsectores do comercio, hostalería, actividades sanitarias e de servizos sociais e educación 2016-20



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.8.

tacar o incremento das afiliacións nas actividades relacionadas coa asistencia en establecementos residenciais (CNAE 87) e cos servizos sociais sen aloxamento (CNAE 88), con 418 e 340 afiliacións máis, respectivamente. En termos relativos, xunto co incremento do 11,9% experimentado no subsector da automoción, destaca o 8% (340 afiliacións máis) rexistrado nas actividades das sedes centrais, actividades de consultoría de xestión empresarial (CNAE 70) ou o 7,6% (239 afiliacións) no sector das telecomunicacións (CNAE 61).

Atendendo á evolución mensual, **gráfico 2.1.8.**, cómpre resaltar a importante caída das afiliacións rexistrada no mes de marzo no subsector da hostalería, cun 8,8% menos que no mes anterior (6.599 afiliacións menos), mes a partir do cal as afiliacións sitúanse nun nivel inferior ao dos cinco anos anteriores. Un comportamento similar presenta o conxunto da actividade comercial, onde tras as reducións dos meses de marzo e abril

(1,7% e 0,9%, respectivamente) rexistra unha afiliación inferior ás do ano 2016. En ambos os dous casos, a partir do mes de abril as afiliacións seguen unha tendencia similar á rexistrada en anos anteriores.

Por contra, sectores como as actividades sanitarias e servizos sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores, especialmente no caso das actividades sociosanitarias, que se manteñen todos os meses por riba das afiliacións do ano anterior. No ámbito da educación, tan só entre abril e xuño, coincidindo co período de educación a distancia, as afiliacións de 2020 foron inferiores ás do ano anterior.

Emprego segundo a EPA

A evolución trimestral dos datos presentados na EPA correspondentes ao ano 2020 reflicten un forte im-

Poboación maior de 16 anos 2008, 2019 e 2020: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2008			2019			2020			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)						(%)					
Total												
Total	2.401,0	1.148,4	1.252,6	2.335,3	1.116,7	1.218,7	2.338,9	1.118,2	1.220,7	0,2	0,1	0,2
Activos	1.314,8	725,6	589,1	1.241,1	643,0	598,0	1.220,9	638,5	582,4	-1,6	-0,7	-2,6
Poboación ocupada	1.201,2	672,3	528,9	1.095,2	573,9	521,2	1.074,2	569,0	505,3	-1,9	-0,9	-3,1
Poboación parada	113,6	53,4	60,2	145,9	69,1	76,8	146,7	69,5	77,2	0,5	0,6	0,5
Parados que buscan 1º emprego	10,0	3,3	6,7	12,0	6,4	5,6	9,9	5,0	4,9	-17,9	-22,0	-12,4
Poboación inactiva	1.086,3	422,8	663,5	1.094,2	473,6	620,6	1.118,1	479,8	638,2	2,2	1,3	2,8
16-19 anos												
Total	99,7	51,2	48,5	87,4	45,2	42,3	89,0	45,9	43,1	1,8	1,5	1,9
Activos	21,6	14,4	7,2	8,4	5,3	3,0	7,1	4,8	2,3	-15,5	-9,4	-23,3
Poboación ocupada	14,8	10,5	4,4	4,9	3,2	1,7	3,9	2,9	1,0	-20,4	-9,4	-41,2
Poboación parada	6,7	3,9	2,8	3,5	2,1	1,4	3,2	1,9	1,3	-8,6	-9,5	-7,1
Parados que buscan 1º emprego	2,9	1,6	1,3	2,3	1,2	1,1	1,7	1,0	0,7	-24,4	-20,4	-33,3
Poboación inactiva	78,1	36,8	41,3	79,1	39,8	39,2	81,9	41,2	40,8	3,5	3,5	4,1
20-24 anos												
Total	150,1	76,2	73,9	108,0	55,2	52,8	109,4	56,0	53,4	1,3	1,4	1,1
Activos	90,5	51,4	39,1	48,2	27,3	20,9	44,3	25,1	19,2	-8,1	-8,1	-8,1
Poboación ocupada	73,7	42,9	30,8	35,9	20,2	15,8	30,5	17,7	12,8	-15,0	-12,4	-19,0
Poboación parada	16,9	8,5	8,3	12,3	7,1	5,2	13,8	7,4	6,4	12,2	4,2	23,1
Parados que buscan 1º emprego	2,8	0,8	2,0	4,0	2,1	2,0	3,5	1,9	1,6	-12,6	-7,3	-19,2
Poboación inactiva	59,6	24,8	34,8	59,8	27,9	31,9	65,1	30,9	34,2	8,9	10,8	7,2
25-54 anos												
Total	1.224,8	610,9	613,9	1.096,7	546,0	550,7	1.085,0	540,1	545,0	-1,1	-1,1	-1,0
Activos	1.029,1	556,8	472,3	948,6	488,5	460,0	920,5	478,0	442,4	-3,0	-2,1	-3,8
Poboación ocupada	948,7	520,4	428,3	841,7	440,0	401,8	812,9	429,1	383,8	-3,4	-2,5	-4,5
Poboación parada	80,3	36,3	43,8	107,0	48,6	58,2	107,4	48,8	58,6	0,4	0,4	0,7
Parados que buscan 1º emprego	4,0	1,0	3,0	5,6	3,1	2,5	4,4	1,9	2,5	-21,2	-40,0	2,0
Poboación inactiva	195,9	54,1	141,7	148,0	57,4	90,7	164,6	62,1	102,6	11,2	8,2	13,1
≥ 55 anos												
Total	926,4	410,1	516,3	1.043,2	470,3	572,9	1.055,5	476,2	579,2	1,2	1,3	1,1
Activos	173,6	103,1	70,6	235,8	121,8	114,0	249,1	130,6	118,5	5,6	7,2	3,9
Poboación ocupada	163,9	98,5	65,4	212,6	110,6	102,0	226,9	119,3	107,6	6,7	7,9	5,5
Poboación parada	9,7	4,5	5,2	23,2	11,2	12,0	22,2	11,3	10,8	-4,3	0,9	-10,0
Parados que buscan 1º emprego	0,4	-	0,4	0,2	-	0,2	0,3	0,2	0,1	50,0	0,0	-37,5
Poboación inactiva	752,8	307,0	445,7	807,3	348,4	458,9	806,5	345,6	460,7	-0,1	-0,8	0,4

Fonte: INE, EPA

2.1.9.

pacto negativo da crise socioeconómica orixinada pola covid-19 sobre o mercado laboral. Con todo, cómpre ter presente que a evolución da ocupación e do desemprego estimado pola EPA non reflicte totalmente o impacto da covid-19 xa que, entre outros factores, hai persoas consideradas como ocupadas que están acollidas a un ERTE ou outras que perden o seu emprego e están contabilizadas como inactivas ante a imposibilidade dunha procura activa do emprego.

Tras o forte axuste do emprego experimentado no segundo trimestre do ano por mor das limitacións de actividade económica existentes e as restricións de mobilidade, entre os meses de xullo e setembro experimentouse unha importante recuperación trimestral, se ben esta hai que considerala como parcial tendo en conta que o nivel de ocupación sitúase por baixo do acadado no mesmo trimestre do ano anterior. En media anual, o mercado de traballo en Galicia presenta

unha caída do 1,9% tanto da poboación ocupada (21.000 persoas menos) como das afiliacións en alta laboral á Seguridade Social (19.200 afiliacións menos). Se se toma como referencia o número medio de horas efectivamente traballadas, ao reflectir mellor a magnitude do axuste do emprego, Galicia presentou en 2020 unha redución interanual do 9,8%. O número de postos de traballo equivalente a tempo completo descende un 8% respecto ao ano anterior.

Con carácter xeral, a Enquisa de Poboación Activa reflicte que o axuste do emprego se produce en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese con maior intensidade no caso das mulleres que no dos homes así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público.

• Poboación activa

O número de persoas activas en Galicia continúa coa súa tendencia descendente iniciada en 2013, acadando no conxunto do ano 2020 un total de 1.220.900 persoas, 20.100 menos que no ano anterior (-1,6%), o que supón o descenso máis acusado dende o ano 2013 (2,0%). A pesar de que o devandito descenso interanual da poboación activa prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, **cadro 2.1.9.**, este concéntrase en maior medida no caso das mulleres, con 15.600 persoas activas menos (-2,6%) fronte a unha caída de 4.600 persoas entre os homes (0,7%). Tras esta evolución, Galicia conta con 638.500 homes activos e 582.400 mulleres. No conxunto de España a poboación activa redúcese un 1,3%, sendo esta caída lixeiramente superior no caso dos homes (1,3% e 1,2%, respectivamente).

A taxa de actividade, entendida como a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, re-


dúcese no ano 2020 ata o 52,2%, nove décimas menos que no ano precedente, o que supón o valor máis reducido de toda a serie considerada (**gráfico 2.1.10.**). En España a taxa de actividade redúcese 1,2 puntos porcentuais para situarse no 57,1%. Comparado co resto das CC.AA. Galicia mantense como a segunda Comunidade autónoma coa taxa de actividade máis reducida do Estado, só por diante de Asturias (50%).

A participación laboral dos homes e das mulleres redúcese tanto en Galicia como en España, se ben en Galicia este descenso prodúcese con maior intensidade entre as mulleres que entre os homes (1,4 e 0,5 puntos porcentuais menos respecto ao ano anterior, respectivamente). A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 47,7% e 57,1%, respectivamente, o que supón un diferencial de 9,4 puntos porcentuais, fronte aos 16,1 puntos existente en 2008 (8,5 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, a taxa de actividade feminina descendeu ata o 52,2% (1,1 puntos menos que no ano precedente) e a masculina ata o 62,9% (1,3 puntos porcentuais menos). En ambos os dous casos Galicia sitúase como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias.

Tendo en conta a cada vez maior idade media da poboación en Galicia, non parece anómalo que a poboación activa en Galicia se reduza en todos os grupos de idade agás nos maiores de 55 anos. Como se desprende do **cadro 2.1.9.**, a poboación activa maior de 55 anos medra no último ano en 13.200 persoas (5,6% máis que no ano anterior) das que 8.800 son homes (7,2%) e 4.500 mulleres (3,9%). Ao mesmo tempo, o descenso da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 54 anos é superior entre as mulleres que entre os homes, con 17.500 mulleres menos (3,8%) e 10.600 homes menos (2,2%). Cómpre destacar que neste último grupo existe unha importante diferenza na evolución da poboación activa, experimentándose un incremento da poboación activa masculina con idades de 45 a 54 anos (3.500 homes máis que no ano anterior) fronte á redución no caso das mulleres desa franxa de idade (4.500 persoas menos).

Atendendo á evolución trimestral ao longo do último

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-20: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.10.

ano, as restricións de mobilidade dificultaron a procura activa de emprego, o que motivou unha significativa caída da poboación activa no segundo trimestre do ano. Entre abril e xuño a poboación activa descende en Galicia un 3,7% respecto ao ano mesmo período do ano anterior (46.200 persoas activas menos), o que representa a maior caída da serie publicada. Como reflicte o **gráfico 2.1.11.**, o axuste da poboación activa é máis acusado entre as mulleres que entre os homes, elevándose a taxa de variación interanual ata o 4,7% no caso das mulleres (27.900 persoas menos) e ata o 2,8% no dos homes (18.300 persoas).


A relaxación das restricións de mobilidade posibilitou a ralentización da caída de persoas activas nos dous últimos trimestres do ano, presentando unha incidencia moito máis significativa no caso das mulleres. En termos interanuais, no terceiro trimestre do ano o número de mulleres activas reduciuse en 19.500 persoas fronte aos 2.300 no caso dos homes, sendo esta caída no último trimestre do ano de 11.600 mulleres e 7.700 homes activos. Se a análise se realiza en relación ao trimestre anterior, o devandito **gráfico 2.1.11.** amosa o rebote experimentado nos meses de verán, cunha

medra da poboación activa de 34.500 persoas (21.200 homes e 13.300 mulleres), descendendo lixeiramente no derradeiro trimestre por mor da caída experimentada entre os homes.

Atendendo á nacionalidade da poboación activa, o devandito descenso concéntrase nas persoas de nacionalidade española, o que contrasta co incremento das persoas activas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda, a poboación activa estranxeira medra un 6% respecto ao ano anterior (3.800 persoas máis), descendendo un 2% no caso das persoas de nacionalidade española (24.000 persoas). Doutra banda, esta mesma tendencia rexístrase tanto en homes como en mulleres, se ben o descenso das mulleres activas de nacionalidade española é superior ao dos homes (–3% fronte a –1,1%, respectivamente) mentres que no caso das persoas activas de nacionalidade estranxeira o incremento experimentado entre as mulleres foi inferior ao que acontece entre os homes (4,9% e 7,1%, respectivamente).

Por último cómpre facer referencia ás entradas e saídas da actividade. A Enquisa de fluxos da poboación activa

Poboación activa: variacións 2019-20



Fonte: IGE

2.1.11.


reflicte que no conxunto do ano 2020 un total de 61.100 persoas pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual), o que supón unha medra de 3.000 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por outra banda, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 67.700 persoas, cando no ano anterior o fixeran 57.700 persoas. Deste xeito, e a diferenza do acontecido no ano anterior, Galicia presenta un saldo negativo entre as entradas e as saídas da actividade de 6.500 persoas (en 2019 entraron na actividade 400 persoas máis das que saíran).

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2020 en torno ás 25.200 persoas, cifra un 4,9% superior á do ano anterior (1.200 persoas máis). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupa-

ción cara á inactividade aumentou de media ata as 32.500 persoas, o que supón 4.300 persoas máis que no ano 2019. O número de persoas que estaban paradas en 2019 e que saen da actividade ascende a 35.200 persoas, cifra superior en 5.700 persoas á do ano anterior (19,3%). Así mesmo o fluxo de entradas ao paro de persoas que en 2019 eran consideradas persoas inactivas ascende a 38.900 persoas, o que supón 2.100 máis que en 2019 (6,1%).

Tendo en conta o impacto das medidas aprobadas para frear a expansión do coronavirus no mercado de traballo, é importante analizar a evolución trimestral no ano 2020. Cómpre resaltar que no segundo trimestre do ano, trimestre no que o impacto da crise sanitaria é máis acusado, saíron da actividade un total de 87.300

Fluxos da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) 2020



Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

2.1.12.

persoas, 34.700 máis que no ano anterior (66% superior), entrando na actividade 48.400 persoas, 13.500 menos que no ano precedente (-21,8%). Deste xeito, o saldo negativo neste trimestre ascende a 38.900 persoas cando no mesmo período do ano anterior entraron na actividade 9.300 persoas máis das que saíron (saldo positivo).


O **cadro 2.1.12.** reflicte que das 48.400 persoas que entran na actividade no segundo trimestre do ano, 30.700 o fan cara o desemprego e 17.700 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, 50.000 persoas que no primeiro trimestre estaban parados saen da actividade (19.400 máis que no ano anterior) e 37.200 persoas ocupadas pasan a formar parte da poboación inactiva (15.300 persoas máis). A recuperación do terceiro trimestre explica que se incorporen á actividade un total de 94.700 persoas, das que 54.700 buscan un emprego (57,8%) e 40.000 persoas comeza a traballar (o 42,2% restante), formando parte por tanto da poboación ocupada.

• Poboación ocupada

No conxunto do ano 2020 Galicia presenta un descenso interanual do emprego do 1,9%, porcentaxe similar ao rexistrado no caso das afiliacións en alta laboral á Seguridade Social, acadando 1.074.200 persoas ocupadas, 21.000 menos que no ano anterior. O mercado laboral no conxunto do Estado presenta un peor comportamento, ao estimar a EPA unha caída da poboación ocupada do 2,9%, sete décimas superior á rexistrada no caso da SS. Con todo, se se toma como referencia o número medio de horas efectivamente traballadas, que na conxuntura que caracteriza ao último ano reflicte mellor a magnitude do axuste do emprego, Galicia presentou en 2020 unha redución interanual do 9,8%.

A taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de persoas ocupadas e a poboación en idade de traballar, racha a súa tendencia crecente iniciada coa recuperación económica e presenta unha caída dun punto porcentual respecto ao ano anterior, situán-

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-20: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.13.

dose no 45,9% (no conxunto do Estado descende ata o 48,5%). Dende un punto de vista de posicionamento territorial, Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Extremadura (42,5%), Asturias e Andalucía (43%) e Canarias (44,2%).

A incidencia da crise económica orixinada pola covid-19 no emprego foi moito máis acusada entre as mulleres. No ano 2020 a ocupación feminina descende en Galicia un 3,1% respecto ao ano anterior (16.000 mulleres ocupadas menos) fronte a tan só un 0,9% no caso dos homes (4.900 persoas menos), o que contrasta co acontecido no conxunto de España onde o axuste de emprego foi similar entre homes e mulleres (-2,9%). En termos relativos, a taxa de ocupación descende en Galicia ata o 50,9% no caso dos homes, nove puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (41,4%). Ao igual que en anos anteriores, estas porcentaxes mantense por baixo do estimado para o mercado laboral español: 54,2% e 43,1%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., Asturias, Canarias, Extremadura e Andalucía presentan unha taxa inferior á galega, en tanto que a taxa de ocupación feminina supera, ademais das devanditas catro CC.AA., ás estimadas en Castela-A Mancha e Murcia.


Atendendo á evolución ao longo do último ano, o grá-

fico 2.1.14. reflicte que a ralentización no ritmo de crecemento da ocupación experimentada en 2019 continúa no primeiro trimestre de 2020, cando a ocupación medra un 0,3% respecto ao mesmo período do ano anterior. No segundo trimestre do ano a poboación ocupada redúcese no conxunto da Comunidade Autónoma un 4,4%, o que supón 48.400 persoas ocupadas menos. O axuste do emprego continúa no segundo semestre do ano, producíndose unha caída da ocupación do 2,1% no terceiro trimestre (23.100 persoas ocupadas menos que no ano anterior) e do 1,4% no derradeiro trimestre do ano (15.100 persoas menos).

Con todo, este axuste non se produce na mesma intensidade entre homes e mulleres, producíndose un maior axuste no caso das mulleres. Dunha banda, fronte ao incremento interanual da ocupación no primeiro trimestre experimentada polos homes (14.600 persoas máis), o emprego feminino redúcese en 11.800 persoas. Doutra banda, a destrución experimentada no resto do ano afecta máis ás mulleres salientando o diferencial existente no terceiro trimestre do ano cando o axuste do emprego feminino foi de 15.600 persoas fronte ás 7.400 no caso dos homes.

O devandito descenso da ocupación prodúcese en todos os grandes grupos de idade agás no de 55 e máis

Poboación ocupada, variacións 2019-20



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

2.1.14.

anos, sendo o axuste de emprego máis intenso en termos relativos canto menor sexa o grupo de idade. Así, como amosa o **cadro 2.1.15.**, a ocupación medra entre as persoas maiores de 55 anos un 6,7% respecto ao ano anterior (14.300 persoas), fronte á caída do 0,1% no caso das persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (200 persoas menos). No caso das persoas menores de 25 anos o descenso foi do 15,9% (6.600 persoas menos), situándose esta porcentaxe no 8,8% entre aqueles que teñen entre 25 e 34 anos (16.900 persoas menos) e no 3,5% entre aqueles que teñen entre 35 e 44 anos (11.700 persoas menos).

Se se observa a súa desagregación segundo sexo, cómpre mencionar que entre os menores de 25 anos a

caída da ocupación feminina é máis intensa que da masculina (20,8% e 11,9%, respectivamente), en tanto que nos maiores de 55 anos, os homes presentan un incremento superior ao rexistrado polas mulleres (7,8% e 5,5%, respectivamente). Asemade, existe unha dinámica distinta no caso das persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos, dado que a ocupación feminina descende un 2,8% respecto ao ano anterior, aumentando un 2,5% no caso dos homes.

Atendendo á **distribución sectorial**, os datos da ocupación reflicten que no conxunto do ano 2020 o axuste do emprego en Galicia prodúcese tan só no sector servizos, cunha caída interanual da ocupación do 4%. Por contra, a construción presenta unha medra interanual

Poboación ocupada en Galicia 2020: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 20/19		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)					
Total	569,0	505,3	1.074,2	5,5	5,8	5,6	-0,9	-3,1	-1,9
Sectores económicos									
Agricultura	45,7	23,4	69,1	7,7	13,6	9,0	9,1	-5,9	3,5
Industria	131,1	51,2	182,4	6,7	6,9	6,8	1,8	1,2	1,7
Construción	68,6	6,5	75,1	6,0	6,3	6,0	5,8	23,4	7,1
Servizos	323,5	424,2	747,8	4,8	5,5	5,2	-4,4	-3,7	-4,0
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	121,8	83,5	205,3	6,0	7,8	6,7	-5,4	-5,0	-5,2
Empregador	38,4	25,0	63,4	6,2	9,4	7,1	-4,2	-2,5	-3,6
Empresarios sen asalariados	80,1	55,8	135,9	5,9	7,4	6,5	-6,2	-4,2	-5,3
Membros cooperativas	0,9	0,7	1,5	6,2	7,6	6,8	6,3	-35,0	-16,4
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	2,1	4,5	7,3	5,6	6,4	-2,0	-31,7	-18,3
Asalariados	446,8	421,8	868,6	5,3	5,5	5,4	0,4	-2,7	-1,1
Sector público	81,4	113,8	195,2	5,6	6,1	5,9	8,1	1,5	4,2
Sector privado	365,4	308,0	673,4	5,3	5,3	5,3	-1,1	-4,2	-2,5
Outra situación	0,3	0,1	0,4	6,8	2,0	4,7	62,5	-	100,0
Ocupación									
Directores e xerentes	22,6	11,7	34,3	4,6	4,4	4,5	-2,4	1,5	-1,1
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	75,9	112,4	188,2	4,7	5,4	5,1	-5,1	4,4	0,3
Técnicos e profesionais de apoio	76,5	42,9	119,5	5,8	5,2	5,5	0,6	-0,6	0,2
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	32,0	63,5	95,4	4,8	4,7	4,7	-6,8	-12,7	-10,8
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	78,4	157,3	235,7	4,7	6,5	5,8	-5,3	-2,2	-3,3
Trab. cualificado no sector primario	33,1	21,2	54,3	9,6	27,5	12,8	5,0	-4,0	1,4
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operac	131,2	17,8	149,1	6,7	10,7	7,0	2,0	6,7	2,6
Operadores	75,5	13,8	89,2	5,9	7,0	6,0	0,7	-7,2	-0,6
Ocupacións elementais	38,1	63,8	101,8	3,9	4,7	4,4	1,8	-10,1	-6,0
Ocupacións militares	5,8	1,0	6,8	5,6	9,1	6,0	11,5	10,8	11,5
Grupos de idade									
16-19 anos	2,9	1,0	3,9	4,0	2,9	3,6	-10,9	-37,9	-21,3
20-24 anos	17,7	12,8	30,5	4,1	3,6	3,9	-12,0	-19,0	-15,2
25-34 anos	91,9	82,0	173,9	4,9	4,8	4,9	-8,5	-9,2	-8,8
35-44 anos	166,6	151,2	317,7	5,7	6,0	5,8	-3,7	-3,4	-3,5
45-54 anos	170,6	150,7	321,3	5,6	6,0	5,8	2,5	-2,8	-0,1
55 e máis anos	119,3	107,7	226,9	5,8	6,5	6,1	7,8	5,5	6,7
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos	0,5	0,3	0,8	1,9	1,7	1,8	17,6	-50,0	11,1
Educación primaria	16,0	10,1	26,0	2,8	3,1	2,9	-7,1	-26,6	-15,9
Educación secundaria	326,0	231,7	557,7	5,8	5,9	5,8	-2,5	-7,6	-4,7
Educación superior	226,4	263,3	489,7	5,4	5,8	5,6	2,0	2,6	2,3

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

2.1.15.


do 7,1%, fronte ao 3,5% do sector primario e o 1,7% do conxunto das ramas industriais. A diferenza do que acontece no mercado laboral galego, os catro sectores de actividade presentan en España unha redución da súa poboación ocupada, destacando en termos relativos o sector primario, cunha caída do 4% respecto ao ano anterior, e os servizos, cun -3%.

Como se aprecia no **cadro 2.1.16.**, os catro sectores tiveron un comportamento desigual ao longo do último ano. Dunha banda, o sector terciario, o máis afectado

pola crise, presenta unha caída da ocupación ao longo de todo o ano, salientando a redución interanual do 7,4% experimentada no segundo trimestre. Por contra, o sector da construción presenta taxas de variación interanuais positivas nos catro trimestres aínda que cada vez máis reducidas, estimándose unha medra do 17,4% no primeiro trimestre do ano fronte ao 1,3% no último. Pola súa banda, o conxunto de actividades industriais foi o que presentou o axuste de emprego máis intenso no segundo semestre do ano en contraposición co acontecido no sector primario. No último trimestre a

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-20: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2019	66,7	179,4	70,1	779,0	797,3	2.763,1	1.277,9	14.941,0
2020	69,1	182,4	75,1	747,8	765,4	2.698,2	1.244,1	14.494,8
I	68,0	190,9	76,4	747,8	784,8	2.769,3	1.277,8	14.849,4
II	66,4	183,5	71,9	728,6	763,4	2.642,3	1.169,0	14.032,5
III	71,2	180,7	76,5	754,2	731,1	2.687,7	1.249,3	14.508,8
IV	70,7	174,3	75,5	760,4	782,1	2.693,6	1.280,2	14.588,3
2020-19 (%)	3,5	1,7	7,1	-4,0	-4,0	-2,3	-2,6	-3,0
I	6,9	11,2	17,4	-4,1	-6,5	2,2	-0,3	1,4
II	-1,0	3,4	7,2	-7,4	-5,7	-4,4	-8,4	-6,2
III	2,4	-2,4	3,8	-3,0	-2,0	-4,5	-1,6	-3,5
IV	6,0	-5,0	1,3	-1,4	-1,5	-2,5	-0,3	-3,6



Fonte: INE, EPA

2.1.16.

ocupación na industria redúcese un 5%, medrando un 6% no sector primario.

O sector servizos acolleu en 2020 un total de 747.800 persoas ocupadas en Galicia, o que supón o 69,6% da ocupación total, o que representa a porcentaxe máis reducida dende o ano 2012. Este sector presenta, tanto en termos absolutos como relativos, o axuste máis acusado dende o comezo da crise económica e financeira de 2008, ao experimentar unha caída da ocupación de 31.200 persoas, o que supón un 4% menos. No conxunto de España, tras unha redución do 3%, o sector mantén o seu peso relativo no total do emprego no 75,5%.

Entre as distintas ramas de actividade do sector terciario, a hostalería foi quen sufriu o maior axuste de emprego, cunha redución da poboación ocupada do 13,1%, o que supón 10.700 persoas ocupadas menos. Xunto a esta rama de actividade salientan os descensos da ocupación nas “Actividades de información, finanzas, inmobiliarias e profesionais”, con 8.300 persoas menos (-5,4%); e no “Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 8.900 persoas ocupadas menos (-5,2%). Por contra, no conxunto do ano 2020 tan só a educación e as actividades sanitarias e de servizos sociais experimentaron unha medra da ocupación, con 3.300 e 600 persoas ocupadas máis, respectivamente (4,8% e 0,6%).

O devandito axuste no sector é desigual entre homes e mulleres. Dunha banda, a caída do emprego na hostalería é significativamente superior entre as mulleres, reducíndose un 15,1% entre as mulleres (7.200 persoas ocupadas menos) e un 10,5% entre os homes (3.600 persoas menos). Doutra banda, o descenso da ocupación nas actividades comerciais e actividades de información, financeiras e inmobiliarias é maior entre os homes, con caídas do 7,8% e 6% entre os homes, respectivamente, e do 2,8% e 4,9% entre as mulleres. Chama a atención o feito de que sendo o conxunto de actividades sanitarias e de servizos sociais un sector altamente feminizado (case oito de cada dez persoas que traballan no sector son mulleres), o número de mulleres que traballan nel redúcese un 2,6% (2.200 mulleres menos) aumentando por contra un 13,9% os homes ocupados no sector (2.800 homes máis).

O sector industrial ocupa a 182.400 persoas en Galicia no último ano, o que supón o 17% da ocupación total, case tres puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado (14,1%). En relación ao ano anterior, o emprego aumenta un 1,7%, o que supón unha medra de 3.000 persoas.

Dentro do sector industrial cómpre destacar que a creación de emprego prodúcese nos tres grandes grupos considerados, destacando o subsector enerxético, cunha medra do 20,8% (2.100 persoas ocupadas máis en relación ao ano anterior), fronte ao 0,5% do subsector manufactureiro (900 persoas) e as industrias extractivas, cun incremento do 2,3% (100 persoas). Tras esta evolución, no subsector manufactureiro a ocupación total ascende a 165.700 persoas, das que o 70% son homes, sendo o seu peso relativo sobre o total sensiblemente superior á media española (15,4% e 12,7%, respectivamente).

No que respecta á ocupación no sector da construción, no ano 2020 un total de 75.100 persoas estaban ocupadas no sector, un 7,1% máis que no ano anterior (5.000 persoas máis), o que representa o 7% da ocupación galega (6,5% en España).

Finalmente, a poboación ocupada no sector primario

medra un 3,5% para situarse nas 69.100 persoas, 2.400 persoas máis que no ano anterior, acollendo o 6,4% da poboación ocupada en Galicia (4% en España). Ao igual que acontecera no ano anterior, 2020 caracterízase por un incremento da ocupación no sector pesqueiro fronte á caída experimentada no sector agrogandeiro e forestal. Tras unha medra interanual do 17,3% na pesca (2.900 persoas ocupadas máis) o sector acolle un total de 19.700 persoas, en tanto que o sector agrario e forestal emprega a 49.400 persoas, un 1% menos que no ano precedente (500 persoas menos).

Como se aprecia no **cadro 2.1.17.**, mentres que o sector pesqueiro presenta unha medra do emprego feminino e masculino do 16,7% (500 e 2.300 persoas ocupadas máis, respectivamente), as actividades agrarias e forestais rexistran unha medra do 5,3% no emprego realizado polos homes (1.500 homes ocupados máis) ao contrario do que acontece na ocupación feminina, que descende un 9,1% respecto ao ano anterior (2.000 mulleres menos).

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa **situación profesional (gráfico 2.1.18.)**, o mercado de traballo galego presenta no último ano unha caída tanto das persoas ocupadas por conta propia como das asalariadas, sendo este axuste máis acusado no conxunto de traballadores por conta propia. Dunha banda, tras unha caída interanual do 1,1% dos traballadores e traballadoras por conta allea, Galicia conta con 868.600 asalariados (9.700 persoas menos que no ano anterior), o que representa o 80,9% da súa poboación ocupada, tres puntos por baixo da media española. Doutra banda, descende un 5,2% o número de persoas traballadoras por conta propia en Galicia, acadando as 205.300 persoas, 11.400 menos que no ano anterior, o que representa o 19,1% da súa poboación ocupada (16,1% en España).

A evolución da poboación ocupada por conta propia reflicte unha caída das persoas empresarias con e sen asalariados, sendo esta caída máis acusada no caso dos homes. No conxunto do ano 2020 o número das persoas empresarias sen asalariados descende un 5,3% respecto ao ano anterior (7.700 persoas menos), e o de

Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia 2020: distribución segundo sexo e ramas de actividade

Poboación ocupada						
	2020			20/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(taxa variación interanual)		
Total	1.074,2	569,0	505,3	-1,9%	-0,9%	-3,1%
Sector Primario	69,1	45,7	23,4	3,6%	9,1%	-6,0%
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	49,4	29,6	19,9	-1,0%	5,3%	-9,1%
Pesca e acuicultura	19,7	16,1	3,5	17,3%	16,7%	16,7%
Industria	182,4	131,2	51,2	1,7%	1,8%	1,0%
Industrias extractivas	4,5	4,2	0,3	2,3%	0,0%	0,0%
Industria manufacturera	165,7	116,0	49,7	0,5%	0,3%	0,8%
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	12,2	11,0	1,2	20,8%	20,9%	9,1%
Construción	75,1	68,6	6,4	7,1%	5,7%	23,1%
Servizos	747,6	323,5	424,1	-4,0%	-4,4%	-3,8%
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	161,5	77,2	84,4	-5,2%	-7,8%	-2,8%
Transporte e almacenamento	47,2	37,0	10,2	-1,5%	1,9%	-12,1%
Hostalaría	71,2	30,6	40,5	-13,1%	-10,5%	-15,1%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	144,1	73,7	70,4	-5,4%	-6,0%	-4,9%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	69,1	38,1	30,9	-1,1%	-1,8%	-0,6%
Educación	72,6	23,7	48,9	4,8%	-1,7%	7,9%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	105,9	23,0	82,9	0,6%	13,9%	-2,6%
Resto de servizos	76,0	20,2	55,9	-7,1%	-11,4%	-5,4%

Número medio de horas efectivamente traballadas						
	2020			20/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en horas)			(taxa variación interanual)		
Total	30,3	32,5	28,0	-9,8%	-9,7%	-9,7%
Sector Primario						
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	46,9	45,0	49,8	3,8%	-0,9%	10,7%
Pesca e acuicultura	26,6	29,1	18,0	-7,6%	-1,4%	-31,0%
Industria						
Industrias extractivas	34,4	34,7	30,4	-8,3%	-7,7%	-15,6%
Industria manufacturera	31,9	32,7	30,0	-10,9%	-11,1%	-10,4%
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	33,6	34,0	29,9	-0,9%	-1,7%	7,6%
Construción	32,3	32,9	26,5	-11,3%	-10,1%	-22,1%
Servizos						
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	30,8	33,3	28,6	-11,5%	-10,5%	-12,0%
Transporte e almacenamento	31,4	32,5	27,5	-11,8%	-12,6%	-11,0%
Hostalaría	25,3	27,1	24,0	-31,3%	-32,4%	-30,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	31,2	33,6	28,8	-4,0%	-3,2%	-4,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	29,3	29,7	28,7	-6,7%	-6,0%	-8,3%
Educación	26,1	27,0	25,7	-3,3%	-2,5%	-3,7%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	29,7	33,1	28,8	-4,5%	-4,6%	-4,6%
Resto de servizos	23,1	26,9	21,8	-15,1%	-18,0%	-13,8%

Fonte: IGE

2.1.17.


persoas empregadoras redúcese nun 3,6% (2.400 persoas). Como se reflicte no devandito **cadro 2.1.15.**, a caída do número de empresarios sen asalariados foi do 6,2%, dous puntos máis que a estimada para as mulleres empresarias sen asalariadas, en tanto que no caso dos empregadores, a ocupación redúcese un 4,2% entre os homes e un 2,5% entre as mulleres.

Se se ten en conta o indicador do número medio de horas efectivamente traballadas como medida do axuste do emprego por mor da covid-19, a caída da ocupación no ano 2020 supera o 14% en ambos os dous casos. Mentres que no caso dos empresarios con asalariados a caída é lixeiramente superior no caso das

mulleres (14,9% fronte ao 14,5%), o diferencial entre a caída da ocupación de mulleres e homes supera os dous puntos porcentuais no caso dos empresarios sen asalariados (15,2% fronte ao 13,1%).

Atendendo á evolución ao longo do ano, o **gráfico 2.1.18.** amosa a forte caída do emprego no segundo trimestre do ano. Dunha banda, o número de empresarios e empresarias sen asalariados descendeu un 9% segundo as estimacións da EPA, seis décimas máis que no caso das persoas empresarias con asalariados. Doutra banda, a variable número de horas efectivamente traballadas indica unha caída interanual nese segundo trimestre do 38,5% no caso das persoas empresarias

Evolución trimestral da ocupación 2019-20: distribución segundo situación profesional. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

2.1.18.

con asalariados fronte ao 36,1% no caso daqueles que si teñen asalariados. A principal característica da evolución no segundo semestre do ano é a ralentización da caída da poboación ocupada, e unha mellora da evolución das horas traballadas en relación ao acontecido no segundo trimestre.

O número de persoas asalariadas descende no último ano en 9.700 persoas (1,1% menos que no ano anterior), por mor da caída dos empregados e empregadas no sector privado en 17.500 persoas (2,5%), o que contrasta co incremento da poboación asalariada no ámbito público (7.800 máis; 4,2%). Tras esta evolución, o número total de asalariados ascende en Galicia a 868.600 persoas (80,9% da poboación ocupada galega), das que 673.400 persoas o están no sector privado (75,4% dos asalariados en 2020) e 195.200 ao sector público (24,5%).

Ao igual que acontece no caso da ocupación por conta

propia, a evolución do número medio de horas efectivamente traballadas reflicte un axuste do emprego máis intenso que o que amosa a poboación ocupada. No conxunto do ano 2020 o número de horas redúcese un 9,6% entre os asalariados e asalariadas do sector privado, máis de sete puntos porcentuais que o que indica o número de persoas ocupadas, sendo esta caída do 3,6% no sector público, o que contrasta co devandito incremento do 4,2% da poboación ocupada.

Atendendo á evolución do traballo por conta allea ao longo do ano 2020, cómpre resaltar o desigual comportamento no sector público e privado, tendo en conta que o número de persoas asalariadas no ámbito público medra dende o segundo trimestre do ano, reducíndose por contra nos outros tres grupos mencionados. Asemade, as horas efectivamente traballadas descenden ao longo de todo o ano en relación ao mesmo período do ano anterior, rexistrándose a caída máis acusada no segundo trimestre do ano.

O devandito impacto negativo da crise no emprego asalariado prodúcese tan só no caso das mulleres, ao reducirse a poboación ocupada en 11.700 persoas, un 2,7% menos respecto ao ano anterior. Este descenso contrasta co incremento do 0,4% experimentado entre os homes (1.900 persoas máis). Este comportamento ven explicado tanto pola maior intensidade do axuste no sector privado (-4,2% fronte a -1,1% entre os homes) como por un incremento da ocupación feminina inferior á masculina (1,5% e 8,1%, respectivamente).

Atendendo á desagregación segundo o **nivel formativo**, o 51,9% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (557.700 persoas), sendo esta porcentaxe máis de dous puntos porcentuais superior á media española (47,7%); así mesmo o 45,6% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (489.700 persoas), porcentaxe semellante á rexistrada de media no Estado (45,5%). Ao igual que acontece en España, o peso relativo da ocupación masculina é superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (57,3% dos homes ocupados fronte ao 45,8% das mulleres no caso galego), a diferenza do que acontece entre a poboación con estudos superiores, xa que o 52,1% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 39,8% no caso dos homes.

O axuste do emprego céntrase fundamentalmente nas persoas cos estudos secundarios, o que contrasta coa medra estimada no caso daquelas persoas con estudos superiores. Dunha banda, o número de persoas con estudos superiores medra un 2,3% (11.100 persoas máis), sendo esta medra máis intensa entre as mulleres, cun 2,6% (6.700 persoas máis), que entre os homes, cun 2% (4.400 homes). Doutra banda, descende un 4,7% o número de persoas ocupadas con educación secundaria (27.200 persoas ocupadas menos), situándose esta caída no 7,6% entre as mulleres (19.100 persoas menos), máis de cinco puntos porcentuais por riba do estimado entre os homes (2,5%, 8.300 ocupados menos en relación ao ano anterior). A ocupación das persoas con estudos primarios descende no conxunto do ano en 4.900 persoas ocupadas (3.700 mulleres e 1.200 homes menos que no ano anterior), o que supón un 2,9% menos que en 2019 (-2,8% entre os homes e -3,1% no caso das mulleres).

No que á **nacionalidade** das persoas ocupadas se refire, a caída de 21.000 persoas ocupadas no conxunto do ano 2020 explícase pola evolución das persoas de nacionalidade española, con 23.400 persoas menos. Isto contrasta co incremento de 2.400 persoas no caso da poboación estranxeira. En termos relativos, o incremento do 4,9% da poboación ocupada estranxeira ven impulsado polo crecemento do 18,4% da poboación de 25-34 anos (2.300 persoas máis) e no de 55 e máis anos, co 52,9% (1.800 persoas). Entre as persoas de nacionalidade española o incremento prodúcese fundamentalmente entre os maiores de 55 anos (12.400 persoas; 5,9%) e en menor medida entre as persoas de 45-54 anos (1.300 persoas; 0,4%). Por contra, cómpre resaltar a caída de 19.200 persoas ocupadas entre as persoas de nacionalidade española con idades comprendidas entre 25 e 34 anos e de 11.700 entre as de 35 e 44 anos (10,8% e 3,8%, respectivamente).

Atendendo á evolución ao longo do ano 2020, cómpre mencionar que tan só no segundo trimestre do ano descende o emprego tanto entre persoas de nacionalidade española como estranxeira, sendo máis intenso este axuste no primeiro caso (-4,5% e -2,9%, respectivamente). Por contra, no resto do ano aumenta a ocupación estranxeira, salientando o crecemento experimentado no terceiro trimestre cunha medra do 10,5% respecto ao mesmo período do ano anterior.

No concernente á desagregación segundo sexo, cómpre resaltar dous importantes aspectos. Dunha banda, fronte á caída do 10% da poboación masculina estranxeira no segundo trimestre do ano, a ocupación entre as mulleres estranxeiras medrou un 5,2%. Doutra banda, a caída do número de mulleres de nacionalidade española é significativamente máis acusada que no caso dos homes, ao mesmo tempo que o incremento da ocupación feminina dende o segundo trimestre é moi superior ao experimentado entre os homes.

Teletraballo

Por último, cómpre facer referencia ao teletraballo, unha das principais transformacións do mercado labo-

**Poboación ocupada segundo a frecuencia coa que traballa no seu domicilio particular
2020: distribución segundo sexo**

	Poboación ocupada	Poboación ocupada que teletraballa			Ningún día	Non sabe
		Total	Ocasionalmente	Máis da metade dos días que traballou		
(miles de persoas)						
Total						
2020/II	1.050,4	180,5	35,5	145,0	855,8	14,1
2020/III	1.082,6	139,3	54,0	85,3	936,3	7,0
2020/IV	1.080,9	129,3	59,0	70,3	943,8	7,8
Homes						
2020/II	552,8	87,4	21,3	66,1	457,4	8,0
2020/III	576,9	70,8	27,5	43,3	502,7	3,4
2020/IV	571,4	65,3	30,1	35,2	502,8	3,3
Mulleres						
2020/II	497,6	93,1	14,3	78,8	398,4	6,1
2020/III	505,7	68,4	26,4	42,0	433,7	3,6
2020/IV	509,5	64,1	29,0	35,1	441,0	4,5

Fonte: IGE. *Enquisa de poboación activa*

2.1.19.

ral no ano 2020. Segundo os datos publicados polo IGE, **cadro 2.1.19.**, o número de persoas que traballan no seu domicilio particular ascende a 180.500 persoas no segundo trimestre do ano, o que representa o 17,2% da poboación ocupada. Deste total, 145.000 persoas o fai máis da metade dos días que traballou fronte ás 35.500 que teletraballaron ocasionalmente. No terceiro e cuarto trimestre do ano descende o número total de persoas acollidas ao teletraballo por mor da caída das persoas que traballan no seu domicilio máis de dous días (74.700 persoas menos entre o segundo e o cuarto trimestre) o que contrasta co incremento experimentado entre os que teletraballan ocasionalmente (23.500 persoas máis entre os dous trimestres considerados).

Esta mesma tendencia prodúcese entre os homes e as mulleres, destacando en primeiro lugar que a porcentaxe de mulleres que teletraballan en relación á ocupación feminina é superior á dos homes nos tres trimestres de 2020 analizados. Asemade, cómpre mencionar que no primeiro trimestre do ano o número de mulleres que teletraballaron é superior ao dos homes, a diferenza do que acontece no terceiro e cuarto trimestres.

Temporalidade e duración da xornada de traballo

Tal como se sinalou anteriormente, gran parte do axuste no emprego en Galicia produciuse no colectivo

de persoas asalariadas no sector privado, cun descenso de 17.500 persoas menos, o que contrasta coa medra 7.800 persoas estimadas no ámbito público. E máis concretamente, a destrución do emprego prodúcese entre as mulleres, onde o número de asalariadas no sector privado redúcese en 13.400 persoas respecto ao ano anterior (4,2%) fronte aos 4.200 ocupados no caso dos homes (1,1%). Asemade, o incremento interanual da ocupación no sector público medra un 8,1% entre os homes (6.100 persoas) e tan só un 1,5% entre as mulleres (1.700 persoas).

Atendendo á distribución segundo tipo de contrato e sector estimada pola EPA (**cadro 2.1.20.**), obsérvase que o axuste do emprego prodúcese tan só no caso das persoas asalariadas no sector privado con contrato temporal. Por contra, aumenta tanto a contratación temporal no sector público como a contratación indefinida en ambos os dous sectores. Dunha banda, o grupo persoas asalariadas no sector privado con contrato temporal redúcese en 29.100 persoas respecto ao ano anterior, o que supón unha caída do 15,8%. Doutra banda, as persoas asalariadas temporais no sector público medran en 5.300 persoas, un 11,1% respecto ao ano precedente, e a poboación asalariada con contrato indefinido en 14.100 persoas, das que 11.600 corresponden ao sector privado (2,6% máis que en 2019) e as restantes 2.500 persoas ao sector público (1,8%).

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2019-20: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2019								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	139,5	506,3	47,9	184,6	187,4	691,0	25,6	26,7	26,5
Homes	61,9	271,2	13,4	98,5	75,3	369,7	17,8	26,6	25,1
Mulleres	77,6	235,2	34,5	86,2	112,1	321,3	30,8	26,8	27,8
España	2.331,1	9.962,5	891,4	3.485,5	3.222,5	13.448,0	27,7	25,9	26,3
Homes	1.108,4	5.382,2	306,1	1.901,9	1.414,6	7.284,0	21,6	26,1	25,4
Mulleres	1.222,7	4.580,3	585,3	1.583,7	1.808,0	6.164,0	32,4	25,7	27,2

	2020								
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	142,0	517,9	53,2	155,5	195,2	673,4	27,3	23,1	24,0
Homes	64,5	283,3	17,0	82,2	81,4	365,4	20,8	22,5	22,2
Mulleres	77,5	234,6	36,3	73,3	113,8	308,0	31,9	23,8	26,0
España	2.371,6	9.860,6	925,9	2.951,0	3.297,5	12.811,6	28,1	23,0	24,1
Homes	1.133,6	5.369,6	312,3	1.588,0	1.445,9	6.957,6	21,6	22,8	22,6
Mulleres	1.238,0	4.491,0	613,7	1.363,0	1.851,7	5.854,0	33,1	23,3	25,7

Fonte: INE-IGE, EPA

2.1.20.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade en Galicia descende ata o 24%, unha décima inferior á estimada para o conxunto do España, cando no ano anterior ascendía ata o 26,5%. Asemade, cómpre resaltar que a diferenza do que acontecía no ano 2019, a taxa de temporalidade no sector público galego supera á correspondente ao sector privado, acadando o 27,3% e 23,1%, respectivamente.

A principal diferenza entre a evolución dos asalariados homes e mulleres radica na contratación indefinida, que medra máis dun 4% no caso dos homes tanto no sector privado como público (12.100 e 2.600 persoas máis, respectivamente), descendendo lixeiramente no caso das mulleres en ambos os dous sectores (600 persoas no sector privado e 100 mulleres no público). Por contra, no caso das contratacións temporais o número de persoas asalariadas redúcese no caso do sector privado e aumenta no público, se ben de xeito máis acusado entre os homes que entre as mulleres. Esta dinámica reflíctese nun descenso tanto da taxa

de temporalidade masculina, que se se sitúa no 22,2% en 2020, tres puntos menos que no ano anterior, como da taxa de temporalidade das mulleres, que acada o 26%, 1,8 puntos menos que no ano precedente.

Dende o punto de vista da duración da xornada de traballo, os datos da EPA indican un descenso do emprego a tempo completo e parcial tanto en Galicia como en España, producíndose este axuste en maior medida no caso do emprego a tempo parcial. Dunha banda, a taxa de variación interanual do emprego a tempo parcial en Galicia foi do -9,1% (14.100 persoas menos que no ano anterior), porcentaxe máis de dous puntos porcentuais superior á experimentada no conxunto do Estado (-6,9%). Doutra banda, o **cadro 2.1.21.** amosa que o emprego a tempo completo redúcese en Galicia un 0,7% (6.900 persoas) fronte ao 2,2% en España. Tras esta evolución, un total de 141.500 persoas teñen en Galicia un traballo a tempo parcial, o que supón que o seu peso relativo na poboación ocupada galega des-

Poboación ocupada en Galicia e España 2020: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
<i>(en miles de persoas)</i>						
Galicia	932,7	141,5	536,4	32,6	396,4	108,9
1 trim.	932,0	151,0	539,3	35,5	392,7	115,5
2 trim.	910,6	139,8	519,9	32,8	390,7	107,0
3 trim.	947,8	134,8	545,4	31,5	402,4	103,3
4 trim.	940,4	140,5	540,8	30,6	399,6	109,9
España	16.505,4	2.697,1	9.729,3	700,4	6.776,1	1.996,7
1 trim.	16.833,0	2.848,2	9.925,1	736,1	6.907,9	2.112,1
2 trim.	16.121,1	2.486,1	9.498,3	635,1	6.622,8	1.851,0
3 trim.	16.522,1	2.654,7	9.741,3	712,9	6.780,8	1.941,8
4 trim.	16.545,2	2.799,1	9.752,4	717,4	6.792,8	2.081,7

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
<i>(taxa de variación interanual %)</i>						
Galicia	-0,7	-9,1	0,2	-15,5	-2,0	-6,9
1 trim.	1,2	-5,5	3,2	-5,3	-1,3	-5,6
2 trim.	-3,1	-12,3	-2,7	-17,2	-3,5	-10,7
3 trim.	-0,8	-10,3	-0,1	-18,4	-1,8	-7,5
4 trim.	-0,3	-8,2	0,4	-20,9	-1,2	-3,8
España	-2,2	-6,9	-2,7	-6,4	-1,6	-7,1
1 trim.	1,6	-1,8	0,7	-0,3	3,0	-2,3
2 trim.	-4,3	-15,8	-4,9	-17,0	-3,6	-15,3
3 trim.	-3,3	-4,8	-3,5	-2,0	-3,0	-5,8
4 trim.	-2,8	-5,0	-2,9	-5,9	-2,6	-4,6

Fonte: INE, EPA

2.1.21.

cede ata o 13,2% (14% no conxunto do Estado), e 932.700 teñen un contrato a tempo completo, o 86,8% do total (86% en España).

A análise da desagregación segundo tipo de xornada de traballo e sexo da poboación ocupada reflicte un incremento da desigualdade entre homes e mulleres. Dunha banda, o 76,6% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2020 son mulleres, case punto e medio máis que no ano precedente (75,2%), en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 42,5%, cinco décimas menos que en 2019. Doutra banda, o 21,6% das mulleres teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 5,7% estimado na ocupación entre os homes (22,4% e 6,7% no ano precedente, respectivamente).

No último ano en Galicia hai un total de 108.900 mulleres ocupadas a tempo parcial, 8.100 menos que no ano anterior (-6,9%), fronte aos 32.600 homes, 6.000 menos que no ano precedente (-15,5%). Ao mesmo

tempo, o emprego das mulleres a tempo completo redúcese un 2%, acadando as 396.400 persoas (7.900 mulleres menos), o que contrasta co incremento do 0,2% (1.000 persoas) experimentado entre os homes, que acada os 536.400 homes con contrato a tempo completo.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividades de comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 25.400 persoas ocupadas cunha xornada parcial, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 21.000 persoas, o que representa o 18% e 14,8% das persoas ocupadas a tempo parcial. En termos relativos cómpre destacar que o 21,2% do emprego total na hostalería está ocupado a tempo parcial (24,7% no ano anterior) fronte ao 15,7% da actividade comercial e o 15,6% da educación (16,3% e 16,7% no ano 2019).

Contratos de traballo en Galicia 2008-20: distribución segundo modalidade e duración do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Indefinidos	Convertidos en indefinidos	Temporais
		(Total = 100)			(Total = 100)		
2008	794.170	75,2	24,2	0,6	5,8	5,2	89,0
2013	706.778	62,7	36,7	0,5	4,4	3,2	92,4
2019	1.086.121	62,8	36,5	0,7	4,3	4,0	91,7
2020	749.217	65,8	33,3	0,8	4,8	4,4	90,9
xaneiro	85.856	64,0	35,1	0,9	5,1	4,8	90,1
febreiro	72.432	62,3	36,8	0,9	5,4	5,1	89,5
marzo	55.917	65,3	33,5	1,2	5,7	5,6	88,7
abril	23.874	73,8	25,4	0,9	5,0	5,8	89,2
maio	30.873	71,1	28,3	0,6	5,9	4,6	89,5
xuño	54.414	65,8	33,4	0,7	5,1	3,7	91,2
xullo	86.407	64,4	34,9	0,7	4,1	3,4	92,5
agosto	64.399	66,3	32,9	0,7	3,8	4,1	92,0
setembro	83.162	66,4	32,6	1,0	4,4	3,8	91,8
outubro	73.100	64,1	35,0	0,8	4,7	4,4	90,9
novembro	61.311	68,8	30,5	0,6	4,3	4,1	91,6
decembro	57.472	67,0	32,3	0,7	4,4	4,5	91,1

Taxa de variación 2019-20

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Indefinidos	Convertidos en indefinidos	Temporais
		(%)			(%)		
Total	-31,0	-27,7	-37,0	-22,3	-23,6	-24,3	-31,7
xaneiro	4,2	3,8	4,3	28,6	-4,1	15,2	4,2
febreiro	5,2	3,8	7,3	28,3	4,3	20,9	4,5
marzo	-26,0	-22,8	-32,1	4,2	-17,1	-4,2	-27,5
abril	-71,6	-66,9	-79,9	-65,4	-69,3	-58,6	-72,3
maio	-67,6	-63,8	-74,3	-68,1	-53,4	-59,7	-68,5
xuño	-44,9	-41,3	-50,7	-52,3	-26,1	-45,9	-45,7
xullo	-28,6	-27,0	-31,7	-16,7	-14,7	-23,6	-29,3
agosto	-31,2	-30,4	-33,3	11,0	-19,2	-0,4	-32,6
setembro	-22,1	-18,2	-28,7	-31,2	-23,8	-35,9	-21,3
outubro	-31,1	-27,9	-36,0	-38,6	-30,1	-37,4	-30,8
novembro	-19,6	-9,1	-36,1	-20,6	-21,1	-22,0	-19,4
decembro	-26,1	-17,4	-39,7	3,1	-1,8	-15,0	-27,5

Fonte: IGE


2.1.22.

Por último cómpre resaltar que máis da metade das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2020 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo os datos da EPA, no último ano un total de 72.700 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial (11.400 menos que no ano precedente), sendo esta porcentaxe do 51,2% no caso dos homes (16.700 persoas) e do 51,4% no das mulleres (56.000 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 18,1% (19.700 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado en 2020 a non querer un traballo a xornada completa, cun 9,8% (3.200 homes).

Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

A crise económica derivada da pandemia da covid-19 reflectiuse nunha acusada caída do número de contratacións tanto en Galicia como en España. Tras unha caída do 31% respecto ao ano anterior, case dous puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (-29,2%), en 2020 asináronse un total de 749.217 contratos en Galicia (336.904 contratos menos que no ano precedente) o que representa o 4,7% do total estatal. Cómpre resaltar que no primeiro ano da crise económica iniciada en 2008, as contratacións rexistradas na Comunidade Autónoma descendieron un 14%.

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2016-2020: distribución segundo duración



Fonte: IGE

2.1.23.

Nos dous primeiros meses do ano o número total de contratos asinados era lixeiramente superior ao do ano anterior, manténdose tras a caída do mes de marzo sempre por baixo do volume rexistrado nos cinco últimos anos. Como se aprecia no **cadro 2.1.22.**, as caídas máis acusadas rexistráronse nos meses de abril e maio, cunha redución do 71,6% e 67,6% respecto aos mesmos meses do ano anterior (60.093 e 64.329 contratos asinados menos, respectivamente), acadando un nivel de contratación inferior ao existente no último ano da crise económica (2013).

Do total de contratos, 716.513 corresponden a contratos iniciais (680.891 contratos temporais e 35.622 de duración indefinida) e os restantes 32.704, a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, a devandita caída de contratos prodúcese de xeito máis

intenso no caso dos contratos temporais, cunha redución do 31,7% (315.511 contratos menos), que no dos contratos indefinidos, cun -23,6% (11.022 contratos). As conversións en indefinidos reducíronse no último ano un -24,5%, o que supón 10.482 contratos menos. Tras esta evolución, o 91,1% dos contratos son contratos de duración temporal, fronte ao 4,4% dos contratos indefinidos e o 4,5% correspondente ás conversións en indefinidos.

No que á contratación indefinida ordinaria se refire, ao igual que no ano anterior os homes asinan un maior número de contratos. Tras unha caída interanual do 25,1%, os homes asinaron un total de 19.079 contratos (53,6% dos contratos indefinidos) fronte aos 16.543 contratos das mulleres (21,9% menos que no ano anterior). Atendendo á evolución ao longo de todo o ano,

Evolución mensual do número de contratos iniciais 2019-20: distribución segundo duración de contrato e sexo



Fonte: IGE

2.1.24.

o **gráfico 2.1.24.** reflicte que as maiores caídas rexístranse –tanto en termos absolutos como relativos– nos meses de abril e maio (69,3% e 53,4% contratos indefinidos menos que no mesmo período do ano anterior). O número de contratos asinados mantense por baixo do nivel do ano 2016 dende o mes de marzo ata o mes de novembro, situándose lixeiramente por riba en decembro.

A pesar de que no conxunto do ano a caída interanual dos contratos indefinidos é superior no caso dos homes que no das mulleres, o axuste do emprego nos primeiros meses da crise é superior entre as mulleres. En abril, os contratos indefinidos asinados por mulleres reduciuse un 75,8% respecto ao ano anterior, once pun-

tos por riba do rexistrado entre os homes, e no mes de maio un 57,5% fronte ao 53,2% entre os homes. Como amosa o devandito **gráfico 2.1.24.**, as contratacións indefinidas aumentan entre as mulleres nos meses de febreiro e decembro ao contrario do acontecido entre os homes.

Os contratos indefinidos asinados en Galicia en 2020 concéntranse en maior medida no grupo de persoas maiores de 45 anos. Os contratos asinados por mulleres maiores de 45 anos representan o 37,9% do total de contratos asinados por elas, case seis puntos por riba do peso relativo no caso dos homes (32,7%). Por contra, as persoas que menos contratos indefinidos asinan son os menores de 25 anos, ao asinar o 9,1%

**Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2020:
distribución segundo tipo**

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	20/19	
		(%)		(%)		(%)		Galicia (%)	España (%)
Contratos de duración indefinida	36.100	4,8	19.378	4,9	16.722	4,8	3,9	-23,6	-29,3
Indefinido ordinario	35.622	4,8	19.079	4,8	16.543	4,7	3,8	-23,6	-29,2
Indefinido persoas con discapacidade	478	0,1	299	0,1	179	0,1	7,4	-23,5	-41,6
Contratos de duración temporal	680.413	90,8	359.911	90,6	320.502	91,1	4,7	-31,7	-29,3
Obra ou servizo	247.494	33,0	147.371	37,1	100.123	28,5	4,0	-26,1	-23,8
Eventual segundo circunstancias da produción	351.569	46,9	186.995	47,1	164.574	46,8	5,2	-36,1	-34,5
Interinidade	71.886	9,6	19.939	5,0	51.947	14,8	6,0	-22,7	-23,6
Temporais pers. discapacidade	1.191	0,2	759	0,2	432	0,1	7,3	-30,9	-37,3
Relevo	265	0,0	127	0,0	138	0,0	3,7	-18,7	-11,4
Xubilación parcial	738	0,1	548	0,1	190	0,1	3,8	-0,5	16,6
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	26	0,0	7	0,0	19	0,0	3,8	-16,1	-2,3
Contrato en prácticas	3.218	0,4	1.747	0,4	1.471	0,4	6,3	-36,4	-37,7
Contrato para a formación	1.289	0,2	681	0,2	608	0,2	5,2	-47,9	-37,5
Outros contratos	2.737	0,4	1.737	0,4	1.000	0,3	3,9	-63,5	-20,4
Contratos convertidos en indefinidos	32.704	4,4	18.046	4,5	14.658	4,2	5,4	-24,3	-27,1
Total contratos	749.217	100	397.335	100	351.882	100	4,7	-31,0	-29,2

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.

dos contratos entre os homes e o 7,9% entre as mulleres.

Dos 35.622 contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados case o 60% son a xornada completa (20.877 contratos), fronte ao 27,1% a tempo parcial (9.639 contratos) e o 14,3% restante (5.106) fixos descontínuos. Cómpre destacar a importante diferenza que existe entre homes e mulleres xa que o 69,3% dos contratos asinados por homes son contratos a tempo completo fronte ao 46,3% no caso das mulleres, o que contrasta co 13,7% dos contratos temporais entre os homes fronte ao 42,5% entre as mulleres.

No concernente ao número de contratos temporais, no conxunto do ano 2020 asináronse un total de 680.891 contratos, o que representa o 90,9% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Do total de contratos temporais asinados, o 52,9% (359.911 contratos) corresponden a homes e o 47,1% restante a mulleres (320.502). No conxunto do ano a contratación temporal redúcese en maior medida entre as mulleres, asinándose un 33,1% menos de contratos fronte ao 30,4% entre os homes. Como se amosa no **gráfico**

2.1.24., a caída dos contratos temporais asinados por mulleres nos meses de abril e maio supera o 72% respecto ao mesmo mes do ano anterior, reducíndose en case a metade no mes de xuño. Tanto no caso dos homes como das mulleres, o número de contratos temporais aumenta nos meses de xaneiro e febreiro, reducíndose no resto do ano.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo son os máis numerosos, acollendo o 51,7% e o 36,4% da contratación temporal total, respectivamente. As principais diferenzas entre os contratos asinados por homes e mulleres prodúcense no caso dos contratos por obra e servizo, cuxo peso relativo na contratación temporal é do 40,9% entre os homes e do 31,2% entre as mulleres, e en maior medida no caso dos contratos de interinidade, onde o seu peso relativo entre as mulleres é case once puntos superior ao dos homes (16,2% e 5,5%, respectivamente).

Se se ten en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de persoas asalariadas temporais, o índice de rotación laboral des-

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2019-20

	2019		2020		20/19	
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
Total	1.069.537	100	728.139	100		-31,9
Indefinidos	49.820	4,7	37.571	5,2		-24,6
Temporais	1.019.717	95,3	690.568	94,8	100	-32,3
Menos de 1 semana	367.297	34,3	182.148	25,0	26,4	-50,4
De 1 semana a 1 mes	114.394	10,7	99.894	13,7	14,5	-12,7
De 1 a 6 meses	185.933	17,4	134.165	18,4	19,4	-27,8
De 6 meses a 1 ano	24.344	2,3	18.242	2,5	2,6	-25,1
Máis de 1 ano	2.366	0,2	1.798	0,2	0,3	-24,0
Indeterminado	325.383	30,4	254.321	34,9	36,8	-21,8

(1) Número de contratos segundo lugar de residencia do traballador
Fonte: IGE

2.1.26.


Contratos de traballo en Galicia e España 2020: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)	(%)	(% / total)	(%)	(%)
Sector primario	29.721	4,1	2.854.521	18,6	1,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	29.721	4,1	2.854.521	18,6	1,0
Industria	130.904	18,3	1.861.636	12,1	7,0
Industrias extractivas	505	0,1	5.553	0,0	9,1
Industria manufacturera	125.585	17,5	1.751.551	11,4	7,2
Subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	246	0,0	5.127	0,0	4,8
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.568	0,6	99.405	0,6	4,6
Construción	32.944	4,6	1.039.179	6,8	3,2
Servizos	522.944	73,0	9.578.628	62,5	5,5
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	85.102	11,9	1.589.000	10,4	5,4
Transporte e almacenamento	97.775	13,6	1.206.629	7,9	8,1
Hostalería	100.735	14,1	1.713.522	11,2	5,9
Información e comunicación	18.710	2,6	410.481	2,7	4,6
Actividades financeiras e seguros	3.385	0,5	63.009	0,4	5,4
Actividades inmobiliarias	703	0,1	33.197	0,2	2,1
Activ. prof. cient.e tecn.	17.590	2,5	403.065	2,6	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	57.054	8,0	1.359.997	8,9	4,2
Admón. publ. def. e sso.	20.444	2,9	407.418	2,7	5,0
Educación	23.658	3,3	475.046	3,1	5,0
Activ. san. e serv. soc.	44.195	6,2	1.113.645	7,3	4,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	30.723	4,3	401.709	2,6	7,6
Outros servizos	12.275	1,7	190.848	1,2	6,4
Actividades do fogar	10.492	1,5	207.693	1,4	5,1
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	103	0,0	3.369	0,0	3,1
Total	716.513	100	15.333.964	100	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.27.

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2016-2020: distribución principais ramas de actividade



Fonte: IGE

2.1.28.

cede en Galicia ata os 3,3 contratos por persoa asalariada temporal, un menos que no ano anterior, reducíndose no conxunto do Estado ata os 3,7 contratos (4,6 contratos en 2019). Este grado de rotación segue a ser sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando en Galicia os 3,6 e 2,9 contratos por persoa asalariada temporal, respectivamente. No conxunto do Estado este indicador sitúase no 4,3 contratos entre os homes e 3,1 entre as mulleres.

Atendendo á duración dos contratos, os datos proporcionados polo IGE sinalan que no último ano os contratos temporais máis numerosos son aqueles cunha duración indeterminada, ao concentrar o 36,8% dos contratos temporais (31,9% no ano anterior). Séguelle en importancia os que teñen unha duración inferior a unha semana, que tras unha redución superior ao 50% representan o 26,4% dos contratos temporais, nove

puntos porcentuais e medio menos que no ano precedente (36%). Tal e como se desprende do **cadro 2.1.26.**, o 40,8% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron en 2020 unha duración inferior a un mes, e un 19,4% dos contratos temporais foron de un a seis meses.

O 73% do total de contratos iniciais son asinados no sector servizos (522.944 contratos), acollendo a industria o 18,3% do total (130.904 contratos); a construción un 4,6%; e o sector primario o restante 4,1% (32.944 e 29.721 contratos, respectivamente). Os catro grandes sectores presentan unha caída da contratación, sendo o sector servizos, por mor do maior impacto das medidas económicas adoptadas para frear a propagación do coronavirus, o que presenta o maior descenso interanual, con 299.475 contratos menos (-36,4%). Por contra, o sector primario presenta a menor redución tanto

en termos relativos como absolutos, cunha caída do 9,4% (3.077 contratos menos). A industria e a construción volven a presentar un descenso do número de contratos rexistrados, situándose esta caída no 20,3% no caso da construción (8.369 contratos menos) e do 10,7% no sector industrial (15.612 contratos menos respecto ao ano anterior).

No ámbito do sector servizos destacan polo seu número os contratos eventuais por circunstancias da produción, que representan o 50,9% do total de contratos iniciais do sector terciario e o 75,8% dos contratos eventuais rexistrados en Galicia no último ano. Por outra banda, os contratos predominantes na construción e no sector primario corresponden aos contratos por obra ou servizo, ao representar o 58% e 60,5% dos contratos iniciais asinados en cada un dos ditos sectores.

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,2% do total de contratos), seguido da construción (10,5%). Por baixo da media galega (5%) situaríanse novamente o sector servizos, cun 4,8%, e a industria, cun 2,7%.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a industria manufacturera, impulsada polo bo comportamento da industria do automóbil no último cuadrimestre do ano, sitúase como a actividade que concentra o maior número de contratos, con 125.585, o 17,5% das contratacións iniciais galegas, adiantando á hostalería, quen rexistra un total de 100.735 contratos (14,1%). A continuación estarían as actividades de transporte e almacenamento, con 97.775 contratos (13,6%) e as actividades de "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 85.102 contratos (11,9%). O **gráfico 2.1.28**. amosa a evolución mensual das contratacións na industria do automóbil, así como do comercio, hostalería e o transporte, onde se aprecia o forte impacto da crise nos sectores da hostalería e o comercio.

Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación na industria extractiva, que representa o 9,1% do total estatal, así como do trans-

porte e almacenamento, cun 8,1%, e o das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, e industria manufacturera, que representan un 7,6% e 7,2%, respectivamente.

Expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) e prestacións extraordinarias de protección a traballadores autónomos

Nun primeiro momento, o instrumento fundamental para afrontar o impacto negativo da covid-19 no mercado de traballo foi o ERTE nas actividades directamente afectadas polo estado de alarma (RDL 8/2020, de 17 de marzo), complementándose e ampliándose posteriormente as "medidas urxentes extraordinarias", entre outras medidas, cos tres acordos sociais en defensa do emprego entre axentes sociais e goberno central.

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emprego e Igualdade, o número total de solicitudes de ERTE aprobadas entre o 14 de marzo e o 31 de decembro de 2020 ascende a 43.263 solicitudes, o 93,4% das solicitudes recibidas, afectando a un total de 233.142 persoas traballadoras. O **gráfico 2.1.29**. amosa que marzo foi o mes no que se aprobaron o maior número de solicitudes, cun total de 27.592 ERTE, o 95,4% das solicitudes recibidas, que afectaban a case 142.500 persoas. No mes de abril apróbanse un total de 6.170 ERTE (o 86,2% das solicitudes), manténdose por baixo de 125 solicitudes aprobadas entre xullo e setembro. Coa aprobación dun novo Estado de alarma o 25 de outubro (RDL 926/2020, de 25 de outubro), o número de solicitudes de ERTE aumenta nese mes e, especialmente, no mes de novembro, con 988 e 5.460 solicitudes aprobadas respectivamente (o 88,3% e 96,2% das solicitudes recibidas).

Tendo en conta a devandita evolución, os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones reflicten que a 31 de decembro de 2020 o número de persoas protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego ascende en Galicia a 33.772 persoas, o 4,5% do total estatal. Nesa mesma data, o número total de empresas que teñen un ERTE

Empresas e número de persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (último días de cada mes) 2020

	Persoas protexidas por ERTE			Empresas con ERTE		
	Total	Forza Maior	Non Forza Maior	Total	Forza Maior	Non Forza Maior
Abril	165.038	150.241	14.797			
Maio	135.630	118.258	17.372	31.569	29.523	2.046
Xuño	75.606	64.471	11.135	22.365	20.694	1.671
Xullo	41.366	35.090	6.276	14.531	13.406	1.125
Agosto	27.052	22.150	4.902	10.137	9.166	971
Setembro	22.707	18.581	4.126	8.866	8.028	838
Outubro (1)	18.505	15.024	3.481	7.186	6.457	729
Novembro	26.918	23.782	3.136	8.860	8.145	715
Decembro	33.772	30.401	3.371	10.933	10.153	780

(1) Non inclúen os datos do RDL 30/2020

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.1.30.

aprobado ascende en Galicia a 10.933 –código conta de cotización- o que representa o 6,2% do rexistrado no conxunto de España (**cadro 2.1.30.**).

Atendendo á evolución ao longo do ano, cómpre resaltar en primeiro lugar que o impacto negativo da crise foi máis acusado no mes de abril, cando o número de persoas protexidas por un ERTE ascende a 165.038 (4,9% do total en España). Tanto o número de empresas como de persoas afectados por un ERTE descende paulatinamente ata o mes de setembro, aumentando posteriormente ata as devanditas 33.773 persoas e 10.933 empresas. No último trimestre prodúcese un trasvase dende os ERTE recollidos no RDL 18/2020 aos definidos no RDL 30/2020, en vigor dende o 30 de setembro, que son os que conlevan exoneracións á Seguridade Social. Un total de 21.403 persoas terminaron o ano acollidas a algunhas das modalidades de ERTE recollidas no devandito RDL 30/2020, fronte ás 8.998 persoas no caso do resto de ERTE de forza maior e dos 3.371 de ERTE por cuestións económicas, técnicas, organizativas e de produción (ETOP).

En concreto, un total de 7.090 persoas estaban protexidas a 31 de decembro por un ERTE de impedimento, o que representa o 11,4% do total estatal, e outras 9.743 persoas por un ERTE de limitación, o 5,7%. Este peso relativo é significativamente máis reducido no caso dos ERTE para sectores ultraprotexidos ou máis di-

rectamente vinculados cos factores asociados aos riscos epidemiolóxicos da covid-19, cun 2,3% (4.097 persoas) así como daqueles ERTE correspondentes á cadea de valor destes sectores ultraprotexidos, cun 0,9% (473 persoas).

Dende un punto de vista sectorial, cómpre resaltar a elevada concentración do número de persoas protexidas por algunha modalidade de ERTE. Segundo os datos acumulados dende o 14 de marzo, a rama de actividade con maior número de solicitudes de ERTE de forza maior tramitadas e aprobadas e maior número de traballadores afectados é a hostalería (CNAE 56), que concentra o 39,9% das solicitudes (16.451) e o 31% dos traballadores protexidos (58.431 persoas), seguido polo comercio polo miúdo (CNAE 47) que acolle o 12,9% das solicitudes e o 8,8% das persoas afectadas (5.341 solicitudes e 16.563 persoas). En conxunto, ambas ramas de actividade concentran o 52,8% das solicitudes tramitadas e case catro de cada dez persoas afectadas por estas solicitudes.

Como reflicte o **cadro 2.1.31.**, a continuación situaríanse, en canto ao número de traballadores afectados por un ERTE por forza maior, as actividades de fabricación de vehículos de motor e as actividades comerciais, tanto no caso da venda e reparación de vehículos de motor como comercio por xunto. Dunha banda, a industria do automóbil concentra o 7,2% dos traballadores afectados por este tipo de ERTE (13.563 persoas).

Expedientes de regulación temporal de empleo 2020: distribución segundo principais ramas de actividade

ERTE por Forza Maior

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados		
	(número)	(%)	Homes	Mulleres	Total
56 Servizos de comidas e bebidas	16.451	39,9	22.161	35.161	58.431
47 Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e motocicletas	5.341	12,9	5.158	11.550	16.563
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	34	0,1	9.843	3.644	13.615
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	1.602	3,9	5.997	2.521	8.469
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.557	3,8	6.986	1.385	8.314
96 Outros servizos persoais	3.018	7,3	737	6.138	7.067
85 Educación	1.401	3,4	1.805	4.948	6.666
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	1.158	2,8	3.663	3.253	6.664
86 Actividades sanitarias	1.767	4,3	831	4.563	5.672
43 Actividades de construción especializada	915	2,2	5.246	721	5.643
55 Servizos de aloxamento	1.006	2,43849	1.793	3.625	5.509
Subtotal	34.250	83,0202	64.220	77.509	142.613
Total xeral	41.255	100	92.499	94.785	188.199

ERTE por razóns Económicas, Técnicas, Organizativas e de Producción

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados		
	(número)	(%)	Homes	Mulleres	Total
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	31	1,4	7.309	1.802	9.112
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	33	1,5	3.865	851	4.912
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	89	4,0	2.750	644	3.528
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	293	13,3	1.749	629	3.143
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	138	6,3	1.677	447	2.179
14 Confección de prendas de vestir	27	1,2	702	1.289	1.991
43 Actividades de construción especializada	140	6,4	1.690	218	1.876
82 Act. administrativas de oficina e outras activ. auxiliares ás empresas	36	1,6	427	934	1.427
47 Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e motocicletas	160	7,3	645	405	1.230
10 Industria da alimentación	88	4,0	483	529	1.035
Subtotal	1.035	47,1	21.297	7.748	30.433
Total xeral	2.199	100	32.429	13.604	45.874

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.1.31.

Doutra banda, as dúas actividades comerciais mencionadas concentran cada unha delas en torno ao 4,5% dos traballadores afectados e o 3,9% das solicitudes tramitadas.

Por contra, tres ramas de actividade industrial lideran o *ranking* sectorial en termos de persoas traballadoras protexidas por un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción. Dunha banda, as 31 solicitudes tramitadas dende o 14 de marzo correspondentes ao sector da automoción (CNAE 29) afectaron a 9.112 persoas, o que representa o 19,9% do total de traballadores afectados por esta modalidade de ERTE. A industria da madeira e cortiza (CNAE 16) acollería ao 10,7% das persoas protexidas por estes expedientes de regulación (4.912 persoas) e a fabricación de produtos metálicos (CNAE 25) a un 7,7% (3.528 persoas). Doutra banda, son as actividades comerciais as que concentran

o maior número de solicitudes tramitadas, acollendo o 26,9% das solicitudes.

A devandita desagregación sectorial dos expedientes de regulación de emprego explica que estes afectaron en maior medida ás mulleres que aos homes tanto en Galicia como no conxunto do Estado, se ben o impacto é maior na Comunidade Autónoma, xa que no conxunto do ano case o 55% das persoas protexidas por un ERTE en Galicia son mulleres fronte ao 51% de media en España. Con todo, é necesario diferenciar entre os ERTE de forza maior e os motivados por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción. Entre os primeiros, o peso relativo das mulleres ascende en Galicia ata o 56,3% do total e entre os ETOP, ata o 39,2%.

O ano 2020 remata cun total de 3.371 persoas galegas

**Prestacións de autónomos 2020. Solicitudes
presentadas e resoltas favorablemente**

	Solicitudes presentadas	Solicitudes resoltas favorablemente	(%)
Maio	88.748	85.672	96,5
xuño	90.423	87.796	97,1
Xullo (1)	88.528	-	-
Agosto (1)	88.639	-	-
Setembro (1)	88.660	-	-
Outubro (1)	13.203	9.909	75,1
Novembro (1)	25.110	20.778	82,7
Decembro (1)	24.769	20.367	82,2

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.1.32.

acollidas a un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción, das que o 41,9% (1.411 persoas) son mulleres, descendendo esta porcentaxe ata o 39,2% no conxunto do ano. Por contra, no caso dos ERTE de forza maior o peso relativo das mulleres a 31 de decembro de 2020 é do 58,2% (17.705 mulleres), situándose o acumulado no conxunto do ano no 56,3%. No conxunto de España, o peso relativo das mulleres protexidas por un ERTE de forza maior a final do ano 2020 é inferior á porcentaxe de Galicia, ao representar o 52,5%, ao contrario do que acontece no caso dos ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción (52,5% en España fronte aos devanditos 58,2% na Comunidade Autónoma).

Se os ERTE son o principal mecanismo de protección de traballadores por conta allea, as **prestacións extraordinarias por cese de actividade** de traballadores autónomos o son no caso dos traballadores por conta propia. Segundo os datos presentados polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y migraciones, a 31 de decembro de 2020 o número total de solicitudes presentadas de prestacións para autónomos ascendeu a 24.769, das que foron resoltas favorablemente un total de 20.367 solicitudes, o 82,2%. No conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 80,2%.

Atendendo á súa evolución ao longo de todo o ano, o **cadro 2.1.32.** reflicte que entre os meses de maio e setembro o número de solicitudes presentadas supera as 88.500 solicitudes, acadando o máximo anual en

xuño, con 90.423 solicitudes presentadas. Neste último mes foron resoltas favorablemente o 97,1% das solicitudes.

Poboación parada

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no conxunto do ano 2020 se racha a tendencia descendente do desemprego iniciada no ano 2014. A poboación parada en Galicia ascende no último ano en Galicia ata as 146.700 persoas, das que 77.200 son mulleres (52,6%) e 69.500 son homes (47,4%). Comparado co ano anterior, a poboación parada no conxunto do ano 2020 aumenta en Galicia un 0,5% (800 persoas máis), o que contrasta co incremento do 8,7% experimentado no conxunto do Estado. A taxa de paro en Galicia ascendeu ata o 12%, dúas décimas máis que a media do ano anterior, aumentando o diferencial co conxunto do Estado ata os tres puntos e medio (15,5%).

O incremento da taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, que se sitúa no 13,2% (12,8% no ano anterior), en tanto que no caso dos homes a taxa de paro ascende ata o 10,9%, dúas décimas máis que en 2019. As catro provincias galegas presentan unha taxa de paro feminina superior á masculina, sendo Pontevedra a que presenta as taxas máis elevadas co 15,7% e 12,7%, respectivamente, e Lugo a que presenta as taxas máis reducidas co 10,2% entre as mulleres e 7,5% entre os homes.

Poboación parada 2020: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			20/19			Taxa de paro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(en miles de persoas)			(%)		
Total	69,5	77,2	146,7	0,5	0,4	0,8	10,9	13,2	12,0
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,1	0,1	0,2	-0,1	0,1	0,0	16,0	20,0	23,1
Estudios primarios incompletos	0,9	0,6	1,5	-0,3	-0,6	-1,0	34,3	46,9	37,9
Estudios primarios	3,6	3,3	6,9	-1,5	-1,4	-2,9	20,0	25,9	22,5
Educación secundaria primeira etapa	27,9	22,9	50,8	-1,2	-3,4	-4,6	12,6	15,9	13,9
Educación secundaria segunda etapa con orientación xeral	9,0	12,3	21,4	-0,3	0,5	0,3	11,4	17,2	14,2
Educación secundaria segunda etapa con orientación profesional	7,2	8,0	15,2	-1,0	-1,2	-2,2	10,2	13,6	11,7
Educación superior	20,8	30,1	50,9	4,8	6,5	11,2	8,4	10,2	9,4
Grupos de idade									
16 - 19 anos	1,9	1,3	3,2	-0,2	-0,1	-0,2	39,6	56,5	45,1
20 - 24 anos	7,4	6,5	13,9	0,3	1,3	1,6	29,5	33,3	31,2
25 - 34 anos	17,4	19,4	36,8	1,6	2,6	4,2	15,8	19,2	17,5
35 - 44 anos	15,7	20,0	35,7	-0,7	-2,1	-2,9	8,6	11,7	10,1
45 - 54 anos	15,8	19,2	35,0	-0,7	-0,1	-0,8	8,5	11,3	9,9
Máis de 55 anos	11,4	10,8	22,2	0,1	-1,2	-1,1	8,7	9,1	8,9
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	8,3	8,3	16,6	1,1	0,0	1,1			
Menos de 1 mes	4,8	4,2	9,0	-0,3	-0,7	-0,9			
De 1 mes a menos de 3 meses	10,0	12,4	22,4	0,4	1,8	2,2			
De 3 meses a menos de 6 meses	8,4	10,0	18,4	-0,2	2,0	1,9			
De 6 meses a menos de 1 ano	11,6	11,8	23,4	2,8	2,4	5,1			
De 1 ano a menos de 2 anos	9,6	12,0	21,5	0,4	1,2	1,6			
2 anos ou máis	17,0	18,5	35,5	-3,8	-6,3	-10,1			

Fonte: INE, EPA

2.1.33.

Comparado co ano anterior, cómpre resaltar que os maiores descenso das taxas de paro se rexistran en Ourense, onde tras unha caída de 1,6 puntos porcentuais a taxa de paro masculina sitúase no 10,7%, e a taxa de paro entres as mulleres descende ata o 12,8%, oito décimas menos que en 2019. Por contra, a taxa de paro aumenta un punto porcentual na Coruña tanto no caso dos homes como das mulleres, para situarse no 10,3% e 12,2%, respectivamente. Na provincia de Pontevedra a taxa de paro feminina medra lixeiramente no último ano fronte ao acontecido entre os homes (dúas e catro décimas, respectivamente), en tanto que en Lugo descende unha décima a taxa de paro feminina permanecendo constante entre os homes.

En relación ao desemprego por idades, cómpre resaltar que o impacto da crise sanitaria agrava o problema do

desemprego xuvenil. No ano 2020 os menores de 25 anos foron as persoas máis afectadas pola crise sanitaria, ao aumentar a súa taxa de paro ata o 33,2% no último ano, máis de cinco puntos superior á estimada no ano anterior, fronte ao 11,1% no caso das persoas maiores de 25 anos, tan só unha décima por riba da acadada en 2019. Se se teñen en conta as idades intermedias reflectidas no **cadro 2.1.33.**, a taxa de paro das persoas máis novas ascende ata o 44,9%, dous puntos e medio máis que no ano anterior, en tanto que entre as persoas de 20 a 24 anos a taxa de paro aumenta en case seis puntos porcentuais para situarse no 31,3% (25,6% no ano precedente). Este incremento tamén se produce no grupo de persoas cunha idade comprendida entre 25 a 44 anos, ascendendo a taxa de paro ata o 11,7%, catro décimas máis que no ano anterior. A diferenza do acontecido nos devanditos grupos de idade, a taxa de paro descende entre as persoas maiores de


Taxas de paro en Galicia e España 2008-20: distribución segundo grupos de idade

	2008	2013	2019	2020	2020				20/19
					I	II	III	IV	
	(%)				(%)				(en puntos %)
Menores de 25 anos									
Galicia	21,1	49,9	28,0	33,2	28,1	34,3	36,6	33,7	5,2
España	24,5	55,5	32,6	38,3	33,0	39,6	40,5	40,1	5,7
De 16 a 19 anos									
Galicia	31,0	64,9	42,4	44,9	35,0	47,8	48,4	48,3	2,5
España	39,5	74,1	45,4	54,5	47,3	54,5	55,9	60,1	9,1
De 20 a 24 anos									
Galicia	18,7	48,2	25,6	31,3	27,1	32,0	34,4	31,7	5,7
España	20,2	51,8	29,8	35,2	30,1	36,9	37,2	36,5	5,4
25 e máis anos									
Galicia	7,5	20,3	11,0	11,1	11,9	11,0	10,6	10,8	0,1
España	9,7	23,7	12,8	14,0	13,1	13,8	14,5	14,6	1,2
De 25 a 54 anos									
Galicia	7,8	21,3	11,3	11,7	12,5	11,8	11,1	11,4	0,4
España	10,1	24,5	12,9	14,5	13,4	14,4	15,1	15,1	1,6
De 55 e máis anos									
Galicia	5,6	15,1	9,8	8,9	9,9	8,1	8,9	8,7	-1,0
España	7,1	19,4	12,2	12,1	12,1	11,6	12,1	12,5	-0,2
Total									
Galicia	8,6	22,0	11,8	12,0	12,7	12,0	11,8	11,7	0,3
España	11,2	26,1	14,1	15,5	14,4	15,3	16,3	16,1	1,4

Fonte: INE, EPA

2.1.34.

Taxas de paro 2010-20: distribución segundo nivel formativo (1)



(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014

Fonte: IGE, EPA

2.1.35.

55 anos, pasando no último ano dende o 9,8% de 2019 ata o 8,9% de 2020.

Atendendo ao nivel formativo, e ao igual que no ano anterior, tan só as persoas con estudos superiores presentan unha taxa de paro inferior á media galega, situándose no 9,4%, 1,7 puntos porcentuais por riba do estimado en 2019. A pesar do seu descenso, as taxas de paro máis elevadas obsérvanse no grupo de persoas que posúen como máximo estudos primarios, co 24,2% en 2020, case catro puntos menos que no ano anterior. Entre as persoas cuxo nivel de estudos sexa a primeira etapa da educación secundaria, a taxa de paro descende ata o 13,9%, seis décimas menos que no ano precedente, permanecendo practicamente constante no caso da segunda etapa da ESO (13,1%).

No que atinxe ao tempo utilizado na procura de emprego e á incidencia do desemprego de longa duración, os datos reflectidos no devandito **cadro 2.1.33.** reflicten que o 38,9% das persoas desempregadas levaban máis dun ano en situación de desemprego, situándose esta porcentaxe no 44,9% no conxunto do ano 2019. Ao igual que no ano anterior, a incidencia do desemprego de longa duración entre as mulleres é superior á dos homes, situándose nesta situación o 39,4% das mulleres e o 38,2% dos homes (46,2% e 43,4% no ano anterior, respectivamente). En termos absolutos, en Galicia hai 35.500 persoas que levan dous anos ou máis en busca de emprego, das que 28.500 son mulleres, e 21.500 persoas que levan en paro de un a dous anos, das que 9.600 son mulleres.

Por último, no que á análise a nivel sectorial se refire, cómpre mencionar que o acusado diferencial nas taxas de crecemento do desemprego entre Galicia e España explícase polo mellor comportamento do paro en todos os sectores agás na construción. Dunha banda, tanto Galicia con España presentan unha redución do desemprego tanto no sector primario como no colectivo de persoas que se atopan na procura do seu primeiro emprego ou deixaron o seu último traballo hai máis dun ano, sendo esta caída moito máis acusada na Comunidade Autónoma. No último ano o desemprego no sector primario redúcese un 15,5% en Galicia (2,6%

en España) e no caso das persoas que están na procura do seu primeiro emprego ou o perderon hai máis dun ano, un 9,3% (3,9% no conxunto do Estado).

Doutra banda, a industria galega rexistra unha medra interanual do 5,5% fronte ao 22% en España, sendo esta medra do 12,1% no sector servizos (25,1% no Estado). Por contra, Galicia presenta un incremento do desemprego superior ao español no ámbito da construción, cunha medra do 27,7%, dezaseis puntos porcentuais superior á media española.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

Tras seis anos consecutivos de descenso do paro rexistrado tanto en Galicia como no conxunto do Estado, este aumenta no ano 2020 un 10,4% en Galicia (17.034 persoas desempregadas máis) cando no ano anterior descendera un 6,5%. Esta porcentaxe sitúa a Galicia como unha das Comunidades Autónomas con menor incremento interanual por detrás de Ceuta e Melilla (3,6%) e Castela-A Mancha (10,1%), sendo a media de España do 17,8%. Tras esta evolución o desemprego rexistrado incrementouse no último ano ata as 180.253 persoas, o que supón o 4,9% do total estatal, tres décimas menos que no ano anterior, a porcentaxe máis baixa dos últimos anos (6,4% no ano 2008).

Como se aprecia no **gráfico 2.1.37.**, tras os descensos interanuais experimentados en xaneiro e febreiro, as medidas aprobadas en marzo e abril para frear a expansión do coronavirus provocaron unha medra significativa do desemprego en Galicia que acadada neste último mes un nivel superior ao acadado no mesmo mes do ano 2018. Asemade, mentres que o desemprego permanecía relativamente estable entre outubro e decembro no últimos tres anos, en 2020 o paro rexistrado aumenta en máis de 8.000 persoas neses meses, rematando o ano con 189.587 persoas rexistradas nas oficinas de emprego, nivel superior ao acadado en 2017.

Ao igual que acontecía no período da crise económica de 2008, o devandito incremento do paro rexistrado afecta en maior medida aos homes que as mulleres.


Paro rexistrado en Galicia e España 2008-20 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,4	7,9	24,6
2013	276,0	4.845,3	5,7	2,0	2,6
2019	163,2	3.148,8	5,2	-6,5	-4,0
2020	180,3	3.709,8	4,9	10,4	17,8
xaneiro	167,8	3.253,9	5,2	-4,0	-1,0
febreiro	166,2	3.246,0	5,1	-4,3	-1,3
marzo	174,5	3.548,3	4,9	2,1	9,0
abril	191,6	3.831,2	5,0	15,3	21,1
maio	191,1	3.857,8	5,0	18,8	25,3
xuño	184,7	3.862,9	4,8	18,9	28,1
xullo	175,3	3.773,0	4,6	16,2	25,3
agosto	177,0	3.802,8	4,7	15,0	24,0
setembro	176,6	3.776,5	4,7	12,5	22,6
outubro	181,3	3.826,0	4,7	10,3	20,4
novembro	187,5	3.851,3	4,9	13,2	20,4
decembro	189,6	3.888,1	4,9	14,7	22,9

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
Fonte: IGE

2.1.36.

Paro rexistrado 2016-20: evolución mensual



Fonte: IGE

2.1.37.

Paro rexistrado en Galicia e España 2020 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade


2020

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	180.253	6.380	19.633	14.272	125.271	14.697
A Coruña	72.835	1.890	7.748	6.257	50.895	6.045
Lugo	17.698	871	1.302	1.480	12.495	1.547
Ourense	19.959	1048,0	2261,0	1545,0	13209,0	1897,0
Pontevedra	69.760	2.571	8.322	4.991	48.670	5.207
España	3.709.825	174.906	306.877	302.736	2.618.589	306.718

20/19

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(%)						
Galicia	10,4	9,1	7,3	7,1	12,0	5,7
A Coruña	12,5	13,6	11,5	9,8	13,6	8,0
Lugo	12,2	14,3	11,7	4,5	13,7	8,3
Ourense	8,5	5,2	3,4	2,6	11,0	5,5
Pontevedra	8,4	6,0	4,2	6,1	10,3	2,4
España	17,8	19,5	13,2	16,8	18,9	13,4

(taxas de variación interanuais)



(1) medias anuais


Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.38.

No ano 2020 o paro rexistrado aumenta un 13% no caso dos homes e un 8,6% entre as mulleres. Tras esta evolución, o número medio anual de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego en 2020 ascende ata as 102.568 persoas (8.102 máis que no ano anterior), o que representa o 56,9% do total do paro rexistrado, mentres que estaban rexistrados como parados un total de 77.684 homes (8.931 máis que en 2019), o 43,1% do total.

Como se aprecia no **cadro 2.1.38.**, as catro provincias galegas experimentan un incremento interanual inferior ao do conxunto do Estado. En concreto, A Coruña e Lugo presentan unha medra superior ao 12% no último ano (12,5% e 12,2%, respectivamente), en tanto que en Ourense e Pontevedra o incremento situouse en torno ao 8,5%. En termos absolutos, o desemprego rexistrado na provincia da Coruña aumenta en 8.108 persoas, cifra significativamente superior á rexistrada en Pontevedra,

Evolución do paro rexistrado nos sectores primario, industria, construción e servizos 2016-2020



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.39.

con 5.425 persoas desempregadas máis; en tanto que Lugo presenta unha medra interanual de 1.930 persoas e Ourense de 1.570. Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 72.835 persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego, por diante de Pontevedra, con 69.760 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 19.959 e 17.698 persoas, respectivamente.

Os catro grandes sectores de actividade presentan no conxunto do ano un incremento do paro rexistrado, destacando o sector servizos cunha medra do 12%, e o sector primario cun 9,1%. A continuación situaríanse os sectores industriais e a construción, cunha medra lixeiramente superior ao 7%. Tras esta evolución, **cadro 2.1.38.**, o sector servizos acolle un total de 125.271 persoas paradas, o 69,5% dos parados rexistrados en Galicia (70,6% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 19.633 parados, o 10,9% (8,3% no conxunto do Estado). O número de parados rexistrados

na construción é de 14.272 persoas, o 7,9% do total galego (8,2% en España) e no sector primario 6.380 persoas, o 3,5% (4,7% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

Se se ten en conta a evolución mensual, cómpre resaltar que todos os sectores presentan a mesma tendencia descendente do desemprego nos meses de xaneiro e febreiro, rexistrando con carácter xeral unha medra do desemprego en marzo e abril. O **gráfico 2.1.39.** reflicte o desigual comportamento do desemprego nos distintos sectores, salientando que a pesar das medidas aplicadas o sector terciario remata o ano cun nivel de desemprego similar ao existente no ano 2016 e que no sector primario o desemprego rexistrado en novembro e decembro é superior ao rexistrado nos mesmos meses do ano 2017. No caso da construción o desemprego a decembro de 2020 é similar á do ano 2018, situándose lixeiramente por riba no caso do sector industrial.

Poboación inactiva en 2008-20 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	2013	2019	2020	2020				2020/19
					I	II	III	IV	(%)
	(en miles de persoas)								
Total	1.086,3	1.091,4	1.094,3	1.118,1	1.098,8	1.145,9	1.111,6	1.116,1	2,2
Homes	422,8	458,0	473,6	479,9	471,2	493,6	472,5	482,1	1,3
Mulleres	663,5	633,3	620,6	638,3	627,6	652,3	639,1	634,0	2,8
Estudiante	148,0	134,0	152,8	164,1	158,7	162,4	160,9	174,3	7,4
Homes	65,6	66,3	72,5	78,6	74,7	77,7	76,6	85,4	8,4
Mulleres	82,4	67,6	80,4	85,5	84,0	84,7	84,3	88,9	6,4
Xubilado	468,4	499,2	521,1	523,3	518,8	521,9	524,4	528,2	0,4
Homes	263,2	286,1	298,2	297,3	294,9	297,2	297,4	299,7	-0,3
Mulleres	205,2	213,1	222,9	226,1	223,9	224,8	227,0	228,5	1,4
Labores do fogar	240,0	223,8	197,8	211,9	204,3	239,6	205,8	197,9	7,1
Homes	21,6	32,6	28,1	32,0	29,0	42,6	29,5	26,9	13,9
Mulleres	218,4	191,3	169,7	179,9	175,3	197,0	176,3	171,0	6,0
Incapacidade permanente	111,9	102,0	90,8	86,2	86,0	82,5	91,2	85,1	-5,1
Homes	50,8	50,1	49,6	46,7	46,3	47,0	47,9	45,4	-5,9
Mulleres	61,0	51,9	41,3	39,6	39,7	35,5	43,3	39,7	-4,1
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	113,7	111,2	110,3	110,7	114,4	109,8	106,2	-0,8
Homes	8,6	10,8	12,8	11,4	13,1	13,4	9,4	9,7	-10,6
Mulleres	89,0	102,9	98,3	98,9	97,6	100,9	100,4	96,6	0,6
Outra	20,5	18,8	20,6	22,3	20,3	25,0	19,5	24,3	8,0
Homes	13,1	12,1	12,6	13,8	13,2	15,6	11,6	14,9	9,9
Mulleres	7,5	6,6	8,1	8,5	7,1	9,4	7,9	9,4	5,0

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.40.

Por último, no concernente á desagregación do desemprego segundo grupos de idade, o paro medra en todos os grupos de idade tanto en homes como mulleres, presentando en ambos os dous casos unha medra interanual superior ao 20% no grupo de persoas de 20-24 e 25-29 anos. Entre as persoas de 30 a 34 anos o desemprego medra un 19,1% entre os homes e un 11,2% no caso das mulleres. No caso das persoas maiores de 50 anos, o desemprego entre os homes medra un 8,8% respecto ao nivel do ano anterior, máis de dous puntos porcentuais por riba do rexistrado no caso das mulleres (6,7%).

Tras esta evolución, o 52,4% das persoas paradas rexistradas en Galicia no ano 2020 teñen máis de 45 anos (94.426 persoas), situándose esta porcentaxe no 54,2% entres os homes e no 52,3% nas mulleres. Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos (13,9%), seguido polos de 50-54 e 60 a 64 anos, cunha porcentaxe superior ao 13% en ámbolos dous casos.

Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); persoas incapacitadas para traballar; e outras situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores. Asemade, hai que ter en conta que a caída do emprego non se trasladou coa mesma intensidade ao desemprego xa que aquelas persoas que perden o seu traballo ou xa estaban en paro e que por mor das restricións á mobilidade non poden realizar unha procura activa de emprego pasan a formar parte da inactividade.

No conxunto do ano 2020 o número de persoas inacti-

vas en Galicia aumenta un 2,2% respecto ao ano anterior para situarse en 1.118.100 persoas, das que o 57,1% son mulleres (638.300 persoas). A poboación inactiva feminina medra un 2,8% (17.600 mulleres inactivas máis que en 2019) cando no ano anterior esta medra interanual ascendía ao 0,7%. O número de homes inactivos aumenta un 1,3% (6.200 persoas máis) o que contrasta co descenso dun 0,1% do ano precedente (500 homes menos).

En termos absolutos o incremento interanual máis importante experimentase no caso das persoas dedicadas ás labores do fogar, con 14.100 persoas inactivas máis que no ano anterior, das que 11.200 son mulleres (6,0% máis) e as restante 3.900, homes (13,9% máis que en 2019). Tras esta evolución o número de persoas dedicadas ás labores do fogar ascende a 211.900 persoas, das que o 84,9% son mulleres. A continuación sitúase o colectivo de estudantes, cunha medra de 11.300 persoas (7,4%), ascendendo o número de inactivos en 164.100 persoas (52,1% mulleres).

As persoas xubiladas constitúen o maior grupo de poboación inactiva, con 523.300 persoas (0,4% máis que no ano anterior; 2.200 persoas), o que representa o 46,8% da poboación inactiva en Galicia. Deste total de inactivos, 297.300 son homes (o 62% dos homes inactivos de Galicia) e 226.100 persoas son mulleres (o 35,4% das mulleres inactivas galegas).

Por último, cómpre facer referencia aos motivos de non buscar emprego. O número de persoas en situación de inactividade por crer que non van atopar emprego mantense practicamente constante no conxunto do ano 2020, acadando as 16.500 persoas (100 máis que no ano precedente; 0,6%). Asemade, cabe mencionar a medra interanual do 27% experimentada polo grupo de persoas englobadas baixo o epígrafe “outras razóns” (24.300 persoas máis), así como que continúa a caída das persoas que afirman ter outras responsabilidades familiares ou persoais, con 3.900 persoas inactivas menos (-7,3%). No ano 2020 o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 269.400 persoas (24,1% da poboación inactiva total), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo

formación, con 154.700 persoas (13,8%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 119.000 persoas (10,6%). 

2.2. Custos e salarios

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Trabajo y Economía Social, a través da súa Estatística de convenios colectivos de traballo, no último ano fréase a mellora continuada nas taxas de crecemento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios iniciada no ano 2016. A medra nominal rexistrada en 2020 ascendeu ata o 1,81%, tres décimas inferior ao incremento experimentado no ano anterior. Ao igual que o acontecido en 2019 este incremento é inferior ao rexistrado no conxunto de España (1,89%).

A variación media pactada calcúlase coa información daqueles convenios cuxos efectos económicos son coñecidos e cuantificables e que teñan sido rexistrados ata decembro de 2020. Para dito cálculo téñense en conta 123 convenios con efectos económicos e rexistrados en Galicia, que afectan a 14.082 empresas e 139.178 traballadores e traballadoras.

O devandito comportamento do aumento salarial pactado en 2020 ven motivado tanto pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 1,86% en relación ao ano anterior (2,15% en

2019), como nos convenios de empresa, cunha medra do 1,47% (1,83% no ano anterior).

Como se sinala anteriormente, **cadro 2.2.1.**, Galicia presenta aumentos salariais inferiores aos do último ano, manténdose por debaixo do rexistrado de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O custo laboral por traballador e mes redúcese en Galicia no ano 2020 un 1,6% (seis décimas menos que no conxunto do Estado) para situarse nos 2.361,95 euros de media, un 8,2% inferior ao custo laboral en España. Este custo laboral é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os denominados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). Este importe mantén a Galicia nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA., situándose como a novena Comunidade Autónoma co custo total máis elevado.

Os tres sectores de actividade presentan en 2020 un descenso interanual dos custos laborais por traballador

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-20

	2008	2013	2016	2017	2018	2019	2020
	(%)						
Galicia							
Convenios totais	4,19	0,66	0,83	1,48	1,98	2,14	1,81
Convenios de empresa	3,43	1,69	0,86	1,11	1,58	1,83	1,47
Convenios doutro ámbito	4,29	0,53	0,82	1,51	2,01	2,15	1,86
España							
Convenios totais	3,60	0,57	1,01	1,46	1,80	2,33	1,89
Convenios de empresa	3,09	0,37	0,84	1,21	1,44	1,94	1,60
Convenios doutro ámbito	3,65	0,58	1,02	1,48	1,82	2,35	1,91

(data da consulta 25-02-2021)

(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.

Custos laborais en Galicia e España 2019-20: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

	2019				2020			
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.400,57	2.905,11	2.692,38	2.251,96	2.630,90	3.132,31	2.677,26	2.537,71
Custo salarial total	1.762,23	2.154,76	1.878,37	1.656,96	1.955,19	2.315,17	1.901,29	1.894,81
Custo salarial ordinario	1.556,10	1.826,68	1.608,60	1.485,97	1.694,00	1.948,82	1.641,60	1.652,28
Outros custos	638,35	750,36	814,01	595,00	675,71	817,14	775,98	642,90
Custo por percepción non salarial	64,46	54,48	129,35	60,82	67,01	75,04	84,90	64,24
Custo por cotización obrigatorias	584,21	706,28	692,43	544,71	621,84	754,02	699,89	592,34
S. Social	10,32	10,41	7,77	10,54	13,14	11,92	8,82	13,68
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	18,68	20,76	18,71	18,12	20,53	22,64	18,57	20,28
Custo salarial total por hora	13,72	15,39	13,05	13,33	15,26	16,73	13,19	15,14
Custos salarial ordinario por hora	12,11	13,05	11,18	11,96	13,22	14,10	11,39	13,21
Outros custos por hora	4,97	5,36	5,66	4,79	5,27	5,91	5,38	5,14
	(en euros)							
Custo laboral por traballador e mes	2.361,95	2.860,59	2.605,64	2.219,81	2.572,73	3.049,41	2.650,34	2.482,29
Custo salarial total	1.738,84	2.107,36	1.820,04	1.642,79	1.903,58	2.231,73	1.885,36	1.846,73
Custo salarial ordinario	1.527,50	1.769,32	1.583,25	1.464,44	1.643,41	1.878,50	1.625,30	1.602,98
Outros custos	623,12	753,23	785,60	577,02	669,15	817,68	764,98	635,56
Custo por percepción non salarial	60,36	72,77	111,06	52,74	70,48	90,35	81,05	66,14
Custo por cotización obrigatorias	573,71	690,17	680,29	536,00	611,32	738,60	691,68	582,68
Subvencións e bonificacións da S. Social	10,95	9,71	5,75	11,72	12,65	11,27	7,76	13,26
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	19,58	21,84	19,15	19,02	21,85	23,62	19,28	21,73
Custo salarial total por hora	14,42	16,08	13,39	14,08	16,17	17,28	13,72	16,17
Custos salarial ordinario por hora	12,65	13,51	11,60	12,54	13,95	14,53	11,80	14,02
Outros custos por hora	5,17	5,77	5,76	4,95	5,69	6,34	5,56	5,56

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.2.

e mes, sendo esta caída inferior á media estatal tanto na industria como nos servizos. O **cadro 2.2.2.** amosa que tanto en Galicia como en España o sector industrial presenta os custos máis elevados, cunha media de 2.860,59 euros en Galicia, o que representa o 93,8% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.605,64 euros (inferior ao custo medio estatal que foi de 2.650,34 euros) e os servizos, con 2.2198,81 euros (o 89,4% da media española).

En relación ao ano anterior, cómpre resaltar en primeiro lugar que o maior descenso dos custos laborais rexístrase na construción, cunha caída interanual do 3,2% en Galicia fronte ao -1% no conxunto do Estado; asemade, a caída no sector industrial e nos servizos é menor en Galicia que en España, situándose esta taxa de variación interanual na industria galega no -1,5% (-2,6% en España) e no -1,4% no sector servizos (-2,2% no conxunto do Estado).

Fronte ao devandito descenso do custo laboral total por persoa traballadora e mes, a Enquisa trimestral de custo laboral reflicte unha medra interanual do custo laboral total por hora efectiva tanto en Galicia como en España. Non obstante, a Comunidade Autónoma presenta un peor comportamento que o conxunto do Estado agás no caso do sector industrial. Tras un incremento do 4,8% (6,4% de media en España) o custo laboral por hora efectiva ascende en Galicia a 19,58 euros, o que supón un 10,4% menos que a media estatal (2,27 euros menos por hora efectiva).

O sector industrial mantense como o sector con maior custo laboral, con 21,84 euros por hora efectiva, un 5,2% máis que no ano anterior, ascendendo o custo medio estatal ata os 23,62 euros/hora (4,3% máis). O sector servizos é o que presenta o maior diferencial con respecto ao conxunto de España, ascendendo o custo laboral a 19,02 euros, o que supón un 22,4% menos que a media estatal (2,71 euros menos por hora efectiva). Por contra, a construción en Galicia presenta un custo laboral relativamente similar ao español, con 19,15 euros (0,7% máis que no ano anterior) e 19,28 euros por hora, respectivamente.

• Produtividade aparente do factor traballo


A contracción no ritmo de crecemento da actividade económica causada pola crise sanitaria da covid, cunha caída interanual do PIB real do 8,9% (no ano anterior medrara un 1,8%), tradúcese nun axuste no emprego de menor intensidade que a caída do PIB atendendo á evolución tanto da poboación ocupada e afiliacións en alta laboral á seguridade Social como do número de postos de traballo equivalentes a tempo completo. Así, a poboación ocupada estimada pola EPA e as afiliacións rexistradas no Servizo Público de Emprego descenden un 1,9% respecto ao ano anterior, sendo esta caída do 8% no caso dos postos de traballo equivalentes a tempo completo. Por contra, o axuste na ocupación é superior se se considera o número medio de horas efectivamente traballadas estimadas pola EPA ou o dato das horas traballadas reflectido nas contas económicas (-9,8% e -10,7%, respectivamente).

Unha aproximación á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT) pode realizarse tomando como indicadores o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ou a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Tendo en conta que o PIB nominal contráese un 8,2% no último ano en Galicia, a produtividade aparente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo descende un 0,2% respecto ao ano anterior (-2,8% no conxunto do Estado), o que contrasta co incremento do 2,8% experimentado no caso de medirse en termos de PIB por hora traballada (0,4% de media en España). A pesar desta evolución, ambos os dous indicadores seguen a estar por baixo da media española.


Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2020 o 95,4% da produtividade no conxunto de España, dous puntos e medio por riba do experimentado no ano anterior. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe ascende ata o 93,4% en 2020 cando no ano anterior ascendía ata o 91,3%.

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia. España = 100

PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo



Produtividade por hora traballada



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.

A devandita mellora relativa da produtividade en relación á media estatal ven xustificada tanto pola menor contracción da actividade económica en Galicia como por un maior axuste do emprego en Galicia no caso das horas traballadas e dos postos de traballo equivalente a tempo completo. Dunha banda, o PIB en termos monetarios contráese en Galicia un 8,2% respecto ao ano anterior, case dous puntos menos que en España (10%). Doutra banda, o número de postos de traballo redúcese en Galicia un 8% respecto ao ano anterior fronte ao 7,5% en España, e o axuste en termos de horas traballadas foi do 10,7% na Comunidade Autónoma e do 10,4% no conxunto do Estado.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar que a devandita mellora relativa explícase polo comportamento no sector servizos e a construción, presentando tan só este último unha produtividade aparente superior á española tanto en termos de postos de traballo equivalente como se se mide en termos do número de horas traballadas. No extremo oposto, a produtividade aparente da industria manufactureira, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, mantense no último ano no 76% da media española, e lixeiramente por riba do 80% en termos de horas traballadas. Finalmente cómpre mencionar que a produtividade relativa do sector primario é significativamente inferior á media estatal tendo en conta tanto o incremento do valor engadido bruto xerado polo sector en España (mantense estable en Galicia) como o axuste do emprego experimentado no conxunto do Estado.

Ingresos salariais nas fontes tributarias


O estudo dos ingresos salariais realízase sobre os datos proporcionados pola estatística Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias, que se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. Os últimos datos publicados corresponden ao ano 2019, polo que non permiten coñecer o impacto da covid nos ingresos salariais aínda que é importante analízalos xa que permiten coñecer como era a situación previa ao comezo da actual crise.

A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica da persoa perceptora e máis concretamente nas persoas asalariadas. O colectivo de asalariados está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, monetarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

O número de persoas asalariadas nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferenzas é o feito que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Así, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

No que respecta aos salarios tamén hai diferenzas, por motivos semellantes. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e mídese como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferenzas conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo os asalariados mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Evolución do salario medio anual ⁽¹⁾ en Galicia e España 2008-2019. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.4.

Tendo en conta o dito anteriormente, o **gráfico 2.2.4.** amosa que os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon no ano 2019 (último dato dispoñible) ata os 19.879 euros, un 3,3% inferior á media estatal, o que a sitúa nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA. En relación ao declarado no ano anterior o salario medio en Galicia medra un 3,8% (720 euros máis), consecuencia dun incremento do 4,8% da masa salarial asociado a un aumento do 1% do número de asalariados. O salario medio declarado no conxunto do Estado presenta unha taxa de variación interanual similar á galega, que se traduce nun incremento do salario medio de 757 euros, onde a masa salarial medra un 5,3% e o número de asalariados e asalariadas, un 1,4%.

A distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao salario mínimo interprofesional (SMI), **cadro 2.2.5.**, reflicte que o 34,4% dos asalariados e asalariadas, 363.617 persoas, declara unha percepción salarial inferior ao SMI. Asemade, as que declaran ingresos inferiores ao dobre do SMI representan o 74,8% do total. Isto contrasta co 2,2% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de cinco veces o SMI.

No período comprendido entre 2008 e 2019 o número de persoas asalariadas totais descende un 6,9% (78.571 persoas menos), rexistrándose os únicos incrementos entre aqueles cun salario medio anual inferior a 1,5

Asalariados (2) e salario medio por tramo salarial: 2008-2019 (1)

	2008				2019			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	187.633	17,8	2.681	13,5
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	175.984	16,7	9.595	48,3
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	254.424	24,1	15.761	79,3
De 1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	172.399	16,3	21.704	109,2
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	86.756	8,2	28.096	141,3
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	68.358	6,5	34.411	173,1
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	41.591	3,9	40.761	205,0
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	23.987	2,3	46.845	235,7
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	13.138	1,2	53.359	268,4
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	9.060	0,9	59.655	300,1
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	17.687	1,7	74.463	374,6
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	3.109	0,3	106.332	534,9
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	2.157	0,2	258.179	1.298,8
TOTAL	1.134.854	100	17.736	100	1.056.283	100	19.879	100


(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2018: 10.302,6 € en 2019 a 12.600 €

(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.5.

Salario medio 2008, 2018 e 2019 (1). Distribución segundo grupo de idade



(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2018: 10.302,6 € en 2019 a 12.600 €
Fonte: Agencia Tributaria

2.2.6.

veces o SMI, con 167.137 persoas asalariadas máis neste tramo de ingresos (37,1%). No extremo oposto, cae de xeito moi importante o número de persoas que cobran entre 2 e 2,5 veces máis que o SMI con 59.905 persoas menos entre os dous anos considerados, aínda que aumenta nun 50,4% os seus ingresos salariais medios.

Neses once anos increméntanse notablemente as dife-

renzas salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis declaran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2019 esta proporción era de 96 veces (84 no ano 2018).

No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o **gráfico 2.2.6.** amosa que o ingreso salarial

Asalariados ⁽¹⁾ e salario medio por sectores: 2009-2019

	2009				2019			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	25.250	2,4	15.792	79,4
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	10.842	1,0	29.021	146,0
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	133.762	12,7	22.570	113,5
Construción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	80.283	7,6	19.233	96,8
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	233.412	22,1	18.845	94,8
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	22.152	2,1	25.112	126,3
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	20.057	1,9	34.932	175,7
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	137.766	13,0	15.621	78,6
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	261.156	24,7	25.281	127,2
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	131.602	12,5	9.967	50,1
TOTAL	1.092.431	100	18.217	100	1.056.283	100	19.879	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.7.

medio mantén a súa tendencia crecente ata a idade de xubilación. Xusto antes da mesma o ingreso medio ascendía en Galicia ata os 24.832 euros en 2019, contía que descende ata os 20.053 anos a partir dos 65 anos. Con todo, cómpre mencionar o acusado incremento do salario medio anual do conxunto de persoas maiores de 65 (25,4% máis que no ano anterior; 4.057 euros), motivado por un descenso do 10,2% do número de asalariados e asalariadas (descende tamén en Andalucía e Aragón) e un incremento do 12,6% dos ingresos salariais declarados. Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2019 ascende a 12.600 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos.

O ingreso salarial medio do ano 2019 é inferior ao declarado no ano 2008 entre os menores de 18 anos (2.170 euros menos) e as persoas asalariadas entre 18 e 25 anos (1.360 euros menos). Por contra, a diferenza do acontecido no ano anterior, e tras unha medra do 1,2%, o salario medio das persoas con idades comprendidas entre 26 e 35 anos supera ao rexistrado en 2008 (192 euros máis). Asemade, hai que mencionar que os asalariados e asalariadas maiores de 36 anos cobran máis que no ano 2008 en todos os rangos de idade, destacando os asalariados maiores de 65 anos, con 4.862 euros anuais máis (32%).

Atendendo á distribución segundo ramas de actividade, o **cadro 2.2.7.** indica que a actividade con ingresos sa-

lariais medios declarados máis elevados segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con 34.932 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 15.792 euros brutos anuais, e tres veces e medio máis que as actividades englobadas en “outros servizos persoais e de lecer” (9.967 euros).

As ramas de actividade que presentan uns ingresos salariais medios superiores ao dobre do salario medio anual en Galicia son entidades financeiras e aseguradoras; industria extractiva, enerxía e auga; e servizos sociais. Esas tres actividades concentran o 27,6% dos asalariados en 2019, porcentaxe lixeiramente inferior ao rexistrado no ano 2009 (o 28%).

• Brecha salarial

A brecha salarial de xénero forma parte tanto dos Indicadores de Desenvolvemento Sostible (Obxectivo 5.- Igualdade de Xénero) como da Estratexia Europea de Emprego (EES) para lograr igual tratamento de homes e mulleres e evitar calquera tipo de discriminación.

Non existe un único factor que explique as diferenzas salariais entre homes e mulleres, senón que esta brecha está condicionada por un conxunto complexo de factores sociais, legais ou económicos que a menudo están interrelacionados. Como reflicte o INE, á valoración das competencias laborais, hai que unir a segregación do mercado de traballo con diferente

representación de homes e mulleres nos distintos sectores económicos, as características da oferta de emprego feminino condicionada en moitos casos pola conciliación coa vida familiar, a participación no traballo a tempo parcial das mulleres por coidado de nenos, adultos e persoas dependentes, e os mecanismos establecidos de retribucións salariais.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes. Como se reflicte no devandito **cadro 2.2.4.**, en Galicia os homes declaran un ingreso medio de 22.038 euros, un 3,7% inferior á media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 17.511 euros, un 2,3% inferior á percepción salarial media das mulleres en España.

Un indicador xeral da brecha salarial de xénero bendado pola diferenza global entre o promedio das remuneracións brutas por hora de homes e mulleres, expresada en porcentaxe sobre o promedio das remuneracións brutas por hora dos homes. Tomando como valores a masa salarial declarada á axencia tributaria e o número medio de horas efectivamente traballadas polas persoas asalariadas recollidas na EPA, este indicador acada un valor de 18% en Galicia fronte ao 23,8% no conxunto do Estado, o que indica que España presenta unha brecha salarial superior á galega (un valor do 0% indicaría que non existen diferenzas salariais entre homes e mulleres a nivel agregado, mentres que canto máis elevados sexan os valores do indicador, maior será a brecha salarial). 

2.3. Relacións laborais e formación

A evolución da pandemia provocou que as políticas sanitarias e as políticas económicas aprobadas estivesen fortemente interrelacionadas, acelerando a covid grandes cambios tamén no ámbito das relacións laborais. Entre outros cambios pódense mencionar a irrupción do teletraballo a partir da declaración do estado de alarma o 14 de marzo de 2020, as medidas de distanciamento social para frear a expansión do virus, ou os importantes axustes provocados pola paralización e as limitacións de determinadas ramas de actividade.

Analizados xa no capítulo 2.1.- *Actividade, ocupación e desemprego* os principais datos relativos aos expedientes temporais de emprego (ERTE) e prestacións de cese temporal de actividade de autónomos, así como ao traballo no domicilio, ao longo do presente apartado abórdase en primeiro lugar a evolución das relacións laborais en Galicia, que se caracteriza por un mantemento relativamente estable do número de convenios colectivos existentes e de traballadores afectados polos mesmos. Con todo, redúcese de xeito significativo tanto o número de convenios asinados ou revisados con efectos para o ano 2020 (case o 50% no seu conxunto) como o das persoas traballadoras afectadas (máis dun 60% respecto ao ano anterior).

No concernente á conflitividade laboral, no ano 2020 descende de xeito xeneralizado o número de folgas en todas as CC.AA. e, en paralelo, o das persoas participantes nas mesmas. En Galicia estas caídas interanuais sitúanse en torno ao 70% e 67%, respectivamente. Asemade, o número de xornadas non traballadas presenta unha redución superior ao 63% no último ano.

En terceiro lugar faise referencia á seguridade e saúde no traballo. Dunha banda redúcese significativamente o índice de incidencia da sinistralidade laboral; e doutra banda, a diferenza do acontecido no ano anterior, descende a incidencia media das baixas por continxencias comúns e aumenta no caso das baixas laborais por continxencias profesionais. Por último faise referencia ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2020 e o descenso tanto do número de cursos e alumnos así como do orzamento aprobado para tal fin.

Negociación colectiva

O número de convenios colectivos existentes, tanto vixentes como prorrogados tacitamente, mantense practicamente estable en Galicia ao longo do ano 2020. A 31 de decembro dese ano, existen en Galicia un total de

Convenios colectivos existentes 2019-20 ⁽¹⁾

2019						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.033	72	351	124	106	380
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	907	51	321	101	86	348

2020						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.038	73	353	125	106	381
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	912	52	323	102	86	349

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2019-20

2019								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	191	208.093	116	79.754	47	127.183	28	1.156
Sector	39	190.646	22	71.217	16	119.166	1	263
Empresa	152	17.447	94	8.537	31	8.017	27	893

2020								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	88	80.880	54	48.271	28	32.330	6	279
Sector	20	68.546	9	37.775	11	30.771	-	-
Empresa	68	12.334	45	10.496	17	1.559	6	279

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

1.038 convenios, cinco máis que na mesma data do ano anterior, dos que 126 son sectoriais e 912 de empresa (126 e 907 convenios no ano precedente, respectivamente). Segundo os datos do Observatorio da negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), os convenios colectivos existentes afectan a 488.069 persoas traballadoras, o que supón unha medra de 2.143 persoas en relación ao ano anterior.

Pontevedra segue a ser a provincia onde se asinan máis convenios colectivos, tanto no ámbito sectorial como de empresa, con 381 convenios (o 36,7%), por diante da Coruña, con 353 (34%), e Lugo e Ourense con 125 e 106, respectivamente (12% e 10,2%). O restante 7% dos convenios colectivos existentes no último ano (73 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial.

Dos devanditos 1.038 convenios existentes, o número daqueles convenios con vixencia expresa en 2020 descende ata os 265 (o 25,5% do total de convenios), dos que 37 son convenios de sector (29,4% dos convenios de ámbito sectorial) e os restantes 228 de empresa (25% dos convenios de empresa). O número de traballadores afectados descende ata os 166.677 persoas, das que o 84,7% están afectados por convenios sectoriais (141.132 persoas) e o restante 15,3% por convenios de empresa (25.545 persoas).

No conxunto do ano 2020 diminúe, tanto no caso dos convenios de empresa como sectoriais, o número de convenios asinados en Galicia con efectos para ese mesmo ano e o de convenios revisados. Os 82 convenios asinados ou revisados con efectos para o último ano (54 asinados e 28 revisados) afectan a 80.601 persoas traballadoras, o que supón unha redución superior ao 60% respecto ao ano precedente (126.336 persoas menos). Segundo se reflicte no **cadro 2.3.2.**, destes 82 convenios, 20 corresponden a convenios de ámbito sectorial e afectan a 68.546 persoas e 62 son convenios de empresa e afectan a 12.055 persoas traballadoras.

No último ano asináronse por primeira vez seis convenios de empresa que afectan a 279 persoas traballadoras, dos que a metade corresponden a convenios asinados na provincia da Coruña (164 persoas), fronte a un nas provincias de Lugo e Pontevedra (34 e 6 persoas, respectivamente). Asemade, 75 persoas están afectadas polo convenio asinado en Galicia de ámbito superior ao provincial.

Recollen "pacto de ultraactividade", entendido este como o mantemento das condicións pactadas nos convenios colectivos, pese á finalización da súa vixencia, un total de 40 convenios, dos que 32 son convenios de empresa e 8 de ámbito sectorial. En relación ao total de convenios asinados no último ano, recollen pacto de ultraactividade o 88,9% dos convenios de sector asinados e o 71,1% dos convenios de empresa.

Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados descendeu no úl-

timo ano ata os 52 convenios, afectando a 36.045 persoas traballadoras. Dos devanditos convenios, 19 son de sector e os restantes 33 convenios de empresa.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2020 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 1,61%. Respecto da inflación, fronte ao devandito incremento salarial o IPC galego descende un 0,4%, situándose esta caída interanual no 0,5% no conxunto do Estado.

No concernente aos convenios asinados ou revisados que recollen cláusulas de revisión salarial, o 29,6% dos convenios asinados no ano 2020 e o 10,7% dos convenios revisados recollen estas cláusulas (21,6% e 27,7% no ano anterior, respectivamente). No último ano vense afectadas por estas cláusulas o 87,7% das persoas traballadoras con convenios asinados e o 13,5% con convenios revisados (48,9% e 53,6% no ano 2019).

A xornada media pactada en Galicia, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, mantense estable no último ano, ao situarse nas 1.758,10 horas/ano (0,15 horas/ano máis en relación ao ano precedente). Tal como se observa nos datos de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos sectoriais (1.715,23 horas fronte a 1.765,15 horas, respectivamente). Comparado co rexistrado no ano anterior, cómpre resaltar o incremento experimentado no caso da xornada pactada nos convenios de ámbito sectorial (5,2 horas máis) fronte ao descenso de 16,9 horas no caso dos convenios de empresa.

Analizando a xornada media pactada nos distintos sectores, o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.781,41 horas, o que significa unha redución de 4,5 horas respecto ao ano anterior. A continuación situaríase o sector industrial, que, tras un descenso de 15 horas, presenta unha xornada media pactada de 1.742,45 horas. A construción presenta

**Xornada media pactada na negociación colectiva 2019-20:
distribución segundo sector económico**

	2019	2020
	<i>(en horas / ano)</i>	
Total	1.757,95	1.758,10
Agricultura e pesca	1.765,43	-
Industria	1.757,48	1.742,45
Construción	1.736,31	1.736,04
Servizos	1.785,92	1.781,41

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.3.

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-20 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2008				2020			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	<i>(en horas pactadas/traballador/mes)</i>							
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	147,7	159,3	166,2	144,6
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,9	165,0	164,7	142,9
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	149,8	162,0	166,1	145,8
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	151,8	162,4	166,2	149,2
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	151,9	162,5	165,7	150,3
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	151,5	163,4	166,3	147,6
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	149,5	163,3	163,1	144,2
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	148,9	163,8	166,0	143,7
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	150,2	165,1	163,7	146,3
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	148,6	164,1	160,5	144,1
Extremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	146,0	163,2	166,0	142,1
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	151,7	165,5	166,4	147,0
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	153,3	166,2	166,6	151,4
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	150,9	164,1	161,9	146,8
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	149,4	163,6	161,3	141,8
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	146,9	161,1	162,1	141,9
A Rioxa	153,7	168,1	167,4	144,0	148,5	165,8	164,8	140,8
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	150,1	163,7	164,7	146,5

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.3.4.

unha xornada media pactada de 1.736,04 horas, tan só 0,3 horas menos que no ano anterior.

A Enquisa trimestral do custo laboral do INE reflicte que Madrid sitúase como a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por persoa traballadora e mes, con 153,3 horas, seguida por Canarias e Baleares, con 151,9 e 151,8 horas, respectivamente. A

continuación sitúase a Comunidade Autónoma galega con 151,7 horas mensuais. Todos os sectores presentan novamente en Galicia un tempo de traballo superior á media estatal, salientando a construción, que con 166,4 horas pactadas por persoa traballadora e mes horas sitúase como a segunda C.A. con maior número de horas pactadas tras Madrid (164,7 no conxunto do Estado) (**cadro 2.3.4.**).

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2019-20: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

	2019							
	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	149,5	151,1	163,5	165,2	164,3	167,0	145,9	146,2
Xornada a tempo completo	168,7	169,3	170,5	171,2	170,7	170,5	168,1	168,6
Xornada a tempo parcial	88,7	86,2	93,8	102,0	88,8	89,5	88,4	84,9
Horas pagadas								
Ambas xornadas	149,9	151,5	164,6	166,5	164,7	167,3	146,2	146,4
Xornada a tempo completo	169,0	169,6	171,6	172,7	171,2	170,9	168,2	168,5
Xornada a tempo parcial	89,3	86,8	94,1	101,7	88,8	89,5	89,0	85,6
Horas efectivas								
Ambas xornadas	128,3	128,7	138,8	140,3	144,4	144,1	125,3	124,5
Xornada a tempo completo	144,2	143,5	144,4	145,3	150,0	147,0	143,6	142,6
Xornada a tempo parcial	78,1	75,8	82,1	87,1	79,4	80,5	77,9	74,9
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	21,9	23,2	26,1	26,7	20,5	23,6	21,3	22,3
Xornada a tempo completo	25,2	26,5	27,5	27,8	21,5	24,2	25,0	26,4
Xornada a tempo parcial	11,3	11,1	12,2	15,2	9,4	9,0	11,3	10,8
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,7	0,7	1,3	1,5	0,7	0,6	0,6	0,5
Xornada a tempo completo	0,7	0,7	1,4	1,6	0,7	0,6	0,6	0,4
Xornada a tempo parcial	0,8	0,7	0,4	0,4	-	0,0	0,8	0,8
	2020							
	Total		Industria		Construción		Servicios	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Ambas xornadas	150,1	151,7	163,7	165,5	164,7	166,4	146,5	147,0
Xornada a tempo completo	168,5	169,2	170,5	171,5	170,6	170,7	167,9	168,4
Xornada a tempo parcial	87,5	85,4	93,2	107,2	90,5	88,8	87,1	83,4
Horas pagadas								
Ambas xornadas	150,3	151,9	164,6	166,6	165,1	166,8	146,7	147,0
Xornada a tempo completo	168,7	169,5	171,4	172,7	171,0	171,0	168,0	168,4
Xornada a tempo parcial	87,8	85,6	93,5	107,2	90,4	88,7	87,4	83,6
Horas efectivas								
Ambas xornadas	118,1	120,9	129,5	131,1	137,9	136,5	114,6	117,0
Xornada a tempo completo	133,1	134,9	134,6	136,1	142,9	140,0	131,8	134,0
Xornada a tempo parcial	67,6	68,2	76,0	82,9	74,5	74,0	66,9	66,7
Horas non traballadas								
Ambas xornadas	32,6	31,4	35,4	35,9	27,4	30,5	32,5	30,4
Xornada a tempo completo	36,1	35,0	37,1	37,0	28,3	31,3	36,6	34,9
Xornada a tempo parcial	20,5	17,7	17,7	24,7	16,0	14,7	20,8	17,2
Horas extras por traballador								
Ambas xornadas	0,6	0,6	1,1	1,4	0,6	0,6	0,5	0,4
Xornada a tempo completo	0,6	0,6	1,2	1,5	0,6	0,6	0,5	0,4
Xornada a tempo parcial	0,5	0,5	0,4	0,3	0,1	-	0,5	0,5

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.5.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2019-20 ⁽¹⁾

	2019				2020									
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	29	560	12	476	1	359	5	23	-	-	2	21	4	73
agricultura	-	-	1	359	1	359								
industria	7	157	2	39			1	4					1	35
construción	-	-	-	-										
servizos	22	403	9	78			4	19			2	21	3	38
número de traballadores														
0-5	11		4				3						1	
6-30	12		6				2				2		2	
31-49	3		1										1	
50-100	2		-											
101-250	1		-											
251-500	-		1		1									
máis de 500	-		-											

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.3.6.

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, descende en Galicia ata as 120,9 horas do ano 2020 (128,2 no ano anterior), case tres horas máis que no conxunto do Estado (118,1 horas). Os traballadores e traballadoras a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 134,9 horas efectivamente traballadas e aqueles que están a tempo parcial de 68,2 horas ao mes, situándose estas cifras por riba da media estatal en ambos os dous casos (133,1 e 67,6 horas, respectivamente).

O **cadro 2.3.5.** amosa que a construción, tal como acontece en anos anteriores, é o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

A pesar do sinalado descenso no número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora incrementábase un 4,8%, acadando un valor monetario de 19,58 euros, fronte aos 21,85 euros de media en España. O **cadro 2.2.2.** [*Custos laborais en Galicia e España 2019-20: distribución segundo sectores económicos e compoñentes*] reflicte que o custo salarial

ordinario por hora medra un 4,5%, situándose por baixo da media estatal (12,65 euros e 13,95 euros, respectivamente).

Finalmente, os datos do CGRL mostran o acusado descenso do número de inaplicacións de convenios, que no ano 2020 se sitúa en 12 inaplicacións de convenios fronte aos 29 do ano anterior. Esta caída conleva un descenso do número de persoas traballadoras afectadas, con 470 persoas afectadas en 2020, 90 menos que no ano precedente. Atendendo á súa distribución sectorial, no sector servizos rexistráronse nove inaplicacións, superando á industria con dous inaplicacións de convenios, que afectan a 78 e 39 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, un total de 359 persoas están afectada pola inaplicación dun convenio rexistrado no sector primario.

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, como consecuencia da crise sanitaria orixinada pola covid-19, dende a declaración do estado de alarma no mes de marzo aumentou significativamente o número de expedientes de regulación de emprego comunicados ás autoridades laborais, e máis en concreto o dos expedientes de regulación temporal de em-

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2019-20

	2019		2020 (1)	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	4.692	88.927	40.193	1.017.789
Despidos colectivos	1.956	30.871	451	8.614
Suspensión de contratos	2.552	55.285		
Reducción de xornada	184	2.771		

(1) suspensión de contratos+reducción de jornada en Galicia 39.742

(1) suspensión de contratos+reducción de jornada España 1.009.175

Fuente: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.3.7.

Folgas nas CC.AA. 2019-20 (1)

	2019 (2)				2020 (3)			
	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)
Andalucía	19.540	7,4	46.422	5,4	7.312	4,8	31.098	5,8
Aragón	8.236	3,1	7.767	0,9	1.988	1,3	9.987	1,8
Asturias	8.887	3,4	16.127	1,9	2.292	1,5	4.600	0,9
Baleares	3.005	1,1	5.000	0,6	385	0,3	1.505	0,3
Canarias	1.423	0,5	1.119	0,1	865	0,6	971	0,2
Cantabria	1.391	0,5	2.014	0,2	811	0,5	996	0,2
Castela-A Mancha	554	0,2	2.287	0,3	223	0,1	2.882	0,5
Castela e León	2.302	0,9	3.035	0,4	934	0,6	2.226	0,4
Cataluña	65.874	24,9	179.704	20,9	46.747	30,9	299.807	55,5
C. Valenciana	6.132	2,3	16.451	1,9	3.384	2,2	6.897	1,3
Extremadura	223	0,1	477	0,1	358	0,2	572	0,1
Galicia	20.896	7,9	56.559	6,6	6.930	4,6	20.844	3,9
Madrid	40.694	15,4	111.464	13,0	20.954	13,8	60.370	11,2
Murcia	2.260	0,9	2.420	0,3	31.317	20,7	34.650	6,4
Navarra	5.412	2,0	18.668	2,2	1.249	0,8	3.653	0,7
País Vasco	77.020	29,1	388.624	45,3	25.723	17,0	59.377	11,0
A Ríoxa	82	0,0	97	0,0	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	523	0,2	166	0,0	24	0,0	144	0,0
Total	264.454	100	858.401	100	151.496	100	540.579	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal. Son folgas ordinarias.

(2) Datos definitivos

(3) Consulta: 13-4-2021

Fuente: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.3.8.

prego. Segundo a estatística de regulación de emprego do Ministerio de Trabajo y Economía Social, o número total de persoas afectadas polos procedementos de ERE ascendeu ata as 40.193 persoas, o que supón 8,6 veces máis que no ano anterior (35.501 persoas máis). Tendo en conta o distinto impacto sectorial da crise este incremento foi inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, que supera en 2020 o millón de persoas traballadoras afectadas por despidos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, 11,4 veces

máis que no ano precedente. Tras esta evolución Galicia acolle o 3,9% dos traballadores e traballadoras afectados no conxunto do Estado, cando no ano anterior esta porcentaxe situábase no 5,3%.

Conflitividade laboral

Os datos publicados na Estatística de folgas e peches patronais do Ministerio de Trabajo y Economía Social reflicten un descenso xeneralizado en todas as CC.AA.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2019-20 ^{(1) (2)}

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2019	2020	2019	2020
Andalucía	3.404,9	2.695,0	3,3	3,6
Aragón	2.948,3	2.783,8	5,3	3,8
Asturias	3.021,6	2.465,9	2,2	4,3
Baleares	4.348,8	2.868,6	1,6	1,3
Canarias	2.876,3	2.001,6	2,4	2,0
Cantabria	2.799,6	2.463,9	4,2	4,8
Castela-A Mancha	3.659,4	3.190,4	4,3	7,2
Castela e León	2.975,9	2.483,5	5,6	7,5
Cataluña	2.892,1	2.116,7	2,3	2,4
C. Valenciana	2.824,8	2.340,2	3,4	3,0
Extremadura	3.165,9	2.654,1	3,7	5,5
Galicia	3.158,5	2.276,2	5,7	5,3
Madrid	2.437,1	1.803,7	1,5	1,5
Murcia	3.073,3	2.705,2	3,5	3,0
Navarra	3.766,3	3.074,9	4,6	3,9
País Vasco	3.253,0	2.589,8	1,9	3,0
A Ríoxa	3.397,2	2.828,9	4,0	4,8
Ceuta	2.412,9	2.212,8	-	-
Melilla	2.618,5	1.947,4	8,4	-
Total	3.019,6	2.357,6	3,0	3,3

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Os datos de 2020 son avance

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.3.9.

do número de folgas convocadas, descendendo deste xeito o seu número de participantes (agás en Extremadura). Dunha banda, ao longo do ano 2020 realizáronse un total de 28 folgas, 68 menos que no ano anterior, o que representa o 5,7% das folgas no conxunto do Estado. Atendendo á súa distribución territorial, Galicia sitúase por detrás do País Vasco, que concentra o 36,6% das folgas en España, Cataluña (16,6%), Madrid (10,1%), Andalucía (9%) e Navarra (7,6%).

Doutra banda, en paralelo ao devandito descenso no número de folgas, redúcese o número de persoas participantes. Nos conflitos de 2020 participaron en Galicia un total de 6.930 persoas, o que supón o 4,6% do total estatal, situándose como a sexta C.A. con maior número de participantes tras Cataluña (30,9% do total estatal), Murcia (20,7%), País Vasco (17%), Madrid (13,8%) e Andalucía (4,8%). En relación ao ano anterior, Galicia presenta unha caída de 13.966 persoas (-66,8%).

Por último, no que ao número de xornadas non traba-

lladas se refire, Galicia rexistra no ano 2020 unha redución interanual do 63,1% para situarse nas 20.844 xornadas non traballadas (35.715 menos), o que representa o 3,9% do total estatal. Entre as distintas CC.AA. españolas cómpre mencionar que Cataluña, tras unha medra interanual do 66,8%, concentra o 55,5% das xornadas non traballadas en España, por diante de Madrid e o País Vasco co 11,2% e 11%, respectivamente.

Seguridade e saúde no traballo

O parón da actividade produtiva e as restricións de mobilidade por mor das medidas adoptadas para frear a expansión da pandemia da covid-19 favoreceron o forte descenso do índice de incidencia da sinistralidade laboral, entendido como a relación entre o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. No conxunto do ano 2020

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2019-20: continxencias comúns e profesionais

CONTINXENCIAS COMÚNS						
	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	63,11	73,71	20,00	17,71	205.238	187.746
A Coruña	60,51	72,02	20,56	17,82	91.812	82.275
Lugo	76,06	86,03	16,83	15,54	19.088	17.956
Ourense	58,35	66,82	20,36	18,50	20.469	19.186
Pontevedra	64,29	74,42	20,21	18,02	73.869	68.329
Total	38,59	49,07	27,65	20,97	5.596.163	4.387.838

CONTINXENCIAS PROFESIONAIS						
	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
	(en días / ano)		(%)			
Galicia	51,23	47,61	3,22	3,79	39.382	45.429
A Coruña	48,67	44,18	3,18	3,82	16.778	19.581
Lugo	65,00	57,86	2,78	3,45	4.099	4.985
Ourense	53,33	46,87	3,28	4,08	4.093	5.010
Pontevedra	49,76	48,70	3,41	3,78	14.412	15.853
Total	39,41	37,06	3,14	3,66	709.285	809.343

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.3.10.

este índice situouse en 2.276,2 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra inferior á media estatal (2.357,6 accidentes con baixa).

Xunto á devandita caída, os datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social recollidos no **cadro 2.3.9.** reflicten un descenso do índice de incidencia no caso dos accidentes mortais en Galicia, o que contrasta co incremento experimentado no conxunto de España. No ano 2020, rexístranse en Galicia un total de 5,3 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,3 accidentes no conxunto do Estado), o que a mantén como a cuarta Comunidade Autónoma co índice máis elevado, tan só superada por Castela e León (7,5), Castela-A Mancha (7,2) e Extremadura (5,5).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e continxencias profesionais, **cadro 2.3.10.**, mostra como o número medio de procesos iniciados en 2020 é superior aos iniciados no ano anterior no caso das continxencias profesionais, descendendo no caso das continxencias comúns (aumentara en ambos os dous casos no ano anterior). Así mesmo, ao contrario do acontecido en 2019 redúcese a incidencia media por cada mil traballadoras e traballadores protexidos en continxencias comúns e aumenta en continxencias profesionais.

No último ano Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada de toda España no caso das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 47,61 días de media (37,06 en España), tras Astu-

Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2020

	AFS	Alumnos	Importe
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.	148	2.229	3.270.860,00
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.	714	10.112	30.931.657,27
Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	31	431	-
CONVENIO CO CONCELLO DE A CORUÑA	6	91	
CONVENIO CO CONCELLO DE ARTEIXO	1	15	
CONVENIO CO CONCELLO DE SADA	1	9	
CONVENIO COA DEPO_LABORA	25	344	
CONVENIO CON VIGO INSERCIÓN LABORAL	7	99	
MEP - CONCURSO DE LOTES	112	1.360	2.767.337,24
MEP - Convenio de Educacion	64	879	2.668.013,64
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	2	30	42.683,76
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	95	455	517.722,50
Total	1.206	16.054	40.198.274,41

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.11.

rias e Cantabria, con 48,40 e 50,38 días, respectivamente. No concernente ás continxencias comúns (agás autónomos), Galicia mantense en 2020 como a segunda Comunidade en duración dos procesos con 73,71 días, fronte aos 49,07 días de media no conxunto do Estado, tan só superada por Estremadura con 78,01 días de duración media. Por último, a duración media dos procesos finalizados en 2020 no caso do réxime especial de autónomos ascende a 134,93 días, cifra tan só inferior á de Estremadura, con 141,40 días (110,12 días en España).

Formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2020, os datos da Consellería de Emprego e Igualdade sinalan que en Galicia desenvolvéronse un total de 1.206 accións formativas, descendendo o número de alumnos e alumnas ata as 16.054 persoas. O orzamento aprobado para a realización destes cursos acadou neste último ano os 40,2 millóns de euros. En relación ao ano anterior cómpre resaltar que tanto o alumnado como o número de accións formativas descende por riba do 26%, sendo esta redución do 33,7% no caso do orzamento aprobado.

Tal como se observa no **cadro 2.3.11.**, o maior número

de cursos están dirixidos a persoas traballadoras desempregadas, fundamentalmente a través da vía ordinaria (Fondo Social Europeo), con 714 accións formativas ás que asistiron un total de 10.112 persoas (63% do total). O importe concedido ascendeu a 30,9 millóns de euros, o que supón o 76,9% do importe total.

No que ás características do alumnado se refire, o **cadro 2.3.12.** amosa que en torno ao 48,6% son mulleres, situándose esta porcentaxe no 55% no caso das accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas (vía ordinaria). No que á idade se refire, o 35,7% do alumnado ten entre 31 e 44 anos, e o 32,4% corresponde aos maiores de 45 anos (31,2% no caso dos menores de 30). Entre as accións formativas para persoas desempregadas, as máis numerosas, o alumnado cunha idade comprendida entre 31 e 44 anos representan o 37,1% do total, fronte ao 37,4% dos maiores de 45 e o 25,5% dos menores de 30 anos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de “fabricación mecánica”, con 6,5 millóns de euros, “servizos socioculturais e á comunidade”, con 5,1 millóns de euros, e as de “administración e xestión”, con 4,9 millóns. En

Accións formativas (AFS) 2020. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total	Sen datos de xénero	Homes	Mulleres	Total	Sen datos de idade	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.	2.229	2	1.385	842	2.229	1	1.214	831	183
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.	10.112	7	4.539	5.566	10.112	7	2.580	3.747	3.778
Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	431	64	245	122	431	64	217	97	53
CONVENIO CO CONCELLO DE A CORUÑA	91	-	45	46	91	-	28	22	41
CONVENIO CO CONCELLO DE ARTEIXO	15	-	13	2	15	-	15	-	-
CONVENIO CO CONCELLO DE SADA	9	-	1	8	9	-	1	6	2
CONVENIO COA DEPO_LABORA	344	1	125	218	344	1	113	103	127
CONVENIO CON VIGO INSERCIÓN LABORAL	99	-	32	67	99	-	27	17	55
MEP - CONCURSO DE LOTES	1.360	-	866	494	1.360	-	376	487	497
MEP - Convenio de Educacion	879	-	582	297	879	-	357	279	243
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	30	-	9	21	30	-	30	-	-
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.	455	23	305	127	455	23	56	150	226
Total	16.054	97	8.147	7.810	16.054	96	5.014	5.739	5.205

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.12.

Accións formativas (AFS) 2019-20. Distribución segundo actividade

	Alumnos				Orzamentos					
	2019				2020				2019	2020
	Sen datos de		Mulleres	Homes	Sen datos de		Mulleres	Homes		
	Total	xénero			Total	xénero				
Actividades Físicas e Deportivas	239	17	76	146	211	20	41	150	732.038,00	95.450,40
Administración e Xestión	2.858	6	2.082	770	1.719	8	1.252	459	8.136.720,82	4.857.343,55
Agraria	446	1	170	275	303	-	136	167	893.460,67	605.215,38
Artes Gráficas	55	-	26	29	55	-	29	26	156.263,30	143.817,20
Comercio e Marketing	1.965	9	1.110	846	1.163	3	696	464	5.448.661,45	2.909.037,32
Edificación e Obra Civil	193	-	17	176	360	-	33	327	632.686,40	1.489.281,44
Electricidade e Electrónica	832	2	82	748	549	-	49	500	3.165.121,51	2.061.195,49
Enerxía e Auga	350	-	34	316	214	-	21	193	1.490.085,29	879.532,98
Fabricación Mecánica	2.374	32	217	2.125	1.573	10	175	1.388	9.944.457,42	6.538.328,35
Formación Complementaria	1.045	12	660	373	1.676	5	1.097	574	974.047,00	1.411.300,28
Hostalería e Turismo	1.024	3	627	394	710	5	413	292	3.068.480,59	1.778.070,70
Imaxe Persoal	411	11	375	25	338	17	302	19	1.250.876,28	868.751,46
Industrias Alimentarias	211	1	112	98	410	4	216	190	639.401,76	1.091.568,36
Industrias Extractivas	11	-	-	11	-	-	-	-	48.587,80	-
Informática e Comunicacions	1.254	22	393	839	1.166	1	404	761	4.209.183,63	4.428.805,90
Instalación e Mantemento	456	10	25	421	175	-	16	159	1.050.077,79	532.025,47
Madeira, Moble e Cortiza	223	1	17	205	135	-	15	120	467.098,50	382.843,80
Marítimo Pesqueira	9	-	8	1	9	-	8	1	-	-
Química	17	-	5	12	-	-	-	-	16.925,00	-
Sanidade	502	-	270	232	275	-	155	120	1.991.895,84	1.021.981,80
Seguridade e Medio Ambiente	362	18	93	251	216	19	63	134	663.054,24	271.756,80
Servizos Socioculturais e á Comunidade	4.486	13	3.502	971	2.400	3	1.912	485	10.835.831,50	5.118.474,38
Téxtil, Confección e Pel	44	-	44	-	70	-	63	7	203.178,00	220.095,00
Transporte e Mantemento de Vehículos	2.818	18	826	1.974	2.327	2	714	1.611	4.593.863,82	3.493.398,35
Total	22.185	176	10.771	11.238	16.054	97	7.810	8.147	60.611.996,61	40.198.274,41

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.13.

conxunto, estas tres actividades concentran o 41,1% do orzamento total e o 35,5% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (**cadro 2.3.13.**). 

